

**XUNTA DE GOBERNO**  
**Sesión do día 30 de abril de 2026**  
-----o0o-----

En Pontevedra, na Sala de Xuntas do Pazo Provincial, sendo as dez horas e trinta e nove minutos do día 30 de abril do ano dous mil vinte e seis, baixo a Presidencia de Luis López Diéguez, Presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, reuníronse as/os señoras/es deputadas/os, *Rafael Domínguez Artime, Luisa Sánchez Méndez, Roberto José Álvarez Carrero, Juan Pablo Castillo Amigo, Jorge Cubela López, Ricardo Martínez Chantada, Manuel Alejandro Lorenzo Alonso, María Pilar Ramallo Vázquez e Jesús Vázquez Almuíña*, co obxecto de celebrar sesión ordinaria da Xunta de Goberno, con carácter executivo, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día.

Da fe do acto María Beatriz Del Cerro Del Río, Vicesecretaria Xeral, e está presente o Interventor, Antonio Graña Gómez.

Así mesmo, están presentes as deputadas *Paula Bouzós Barros e Belén Cachafeiro Anta* e os deputados *Marcos Guisasaola Padín e Javier Tourís Romero*.

Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia éntrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:

1.36982.- ACTA ANTERIOR

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade a aprobación do borrador da acta da sesión ordinaria do día 24 de abril de 2026.

2.36983.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE CALDAS DE REIS PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO SERVIZO DE IMPLANTACIÓN, USO E SOPORTE DUNHA SOLUCIÓN DE PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES PARA CONCELLOS (EXPTE. 2026004285)

Primeiro.- Mediante acordo nº 4.35966 da Xunta de Goberno, en sesión ordinaria de data 16 de xaneiro de 2026, foi aprobado o “Convenio marco de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e os concellos da provincia de Pontevedra, cunha poboación inferior a 50.000 habitantes, para a execución do proxecto servizo de implantación, uso e soporte dunha solución de padrón municipal de habitantes para concellos”, expte nº 2025077297. Dito convenio foi modificado mediante acordo nº 3.36052 da Xunta de Goberno, en sesión ordinaria celebrada en data 13 de febreiro de 2026, e posteriormente rectificada, a redacción da cláusula décima do convenio, mediante acordo nº 46.36207 da Xunta de Goberno, en sesión ordinaria celebrada o 6 de marzo de 2026.



Segundo.- Para a formalización do devandito convenio de colaboración, os concellos interesados deben proceder a súa aprobación, así como á sinatura do modelo de carta de adhesión pola persoa representante de cada concello e tamén teñen que estar adheridos á Oficina Tecnolóxica de Asistencia aos Concellos, durante o período de duración do convenio.

Terceiro.- Con data 15 de abril de 2026, núm. rexistro 2026008853, o Concello de Caldas de Reis manifesta o seu interese na adhesión ao “*Convenio marco de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e os concellos da provincia de Pontevedra, cunha poboación inferior a 50.000 habitantes, para a execución do proxecto servizo de implantación, uso e soporte dunha solución de padrón municipal de habitantes para concellos*”, xuntando o Decreto de aprobación e a carta de adhesión.

Cuarto.- A aprobación do convenio xa conta co financiamento máximo que se considera necesario, segundo consta no expediente de contratación número 2025064680.

Vista a dilixencia de conformidade da Intervención Xeral de data 27 de abril de 2026.

Por todo o exposto, e sendo a Xunta de Goberno o órgano competente para aprobar os presentes convenios, en aplicación das bases aprobadas para a execución do orzamento, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar o convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Caldas de Reis, para a execución do proxecto servizo de implantación, uso e soporte dunha solución de padrón municipal de habitantes para concellos, co seguinte texto:

**“CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE CALDAS DE REIS PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO SERVIZO DE IMPLANTACIÓN, USO E SOPORTE DUNHA SOLUCIÓN DE PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES PARA CONCELLOS”.**

*En Pontevedra/Caldas de Reis*

### **INTERVEÑEN**

*D. Luis López Diéguez, presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, actuando en virtude das competencias que lle atribúe o artigo 34.1.b) da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.*

*D. Jacobo Pérez Gulín, alcalde do Concello de Caldas de Reis, actuando en representación do mesmo en virtude das competencias que lle atribúe o artigo 124.1.4 da Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.*

*Dando fe do acto, Dna. Beatriz del Cerro del Río, vicesecretaria da Deputación Provincial de Pontevedra.*

*Ambas as partes recoñécense con capacidade para formalizar este convenio e, en base aos principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións entre as administracións públicas,*



## EXPOÑEN

**Primeiro.-** O padrón municipal é o rexistro administrativo onde constan as persoas veciñas dun municipio. Os seus datos constitúen proba da residencia no municipio e do domicilio habitual no mesmo. As certificacións que dos devanditos datos expídanse terán carácter de documento público e fidedigno para todos os efectos administrativos.

**Segundo.-** Os concellos son os encargados de xestionar o padrón municipal de habitantes a través de medios informáticos de acordo co disposto, entre outros, no artigo 17 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e no artigo 60 do Real Decreto 1690/1986, de 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de Poboación e Demarcación Territorial das Entidades Locais.

**Terceiro.-** O artigo 17.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, determina que a formación, mantemento, revisión e custodia do padrón municipal corresponde ao concello, de acordo co que estableza a lexislación do Estado, sendo competencia das Deputacións Provinciais a xestión informatizada dos padróns dos municipios que, pola súa insuficiente capacidade económica e de xestión, non poidan manter os datos de forma automatizada.

**Cuarto.-** O artigo 36.1.g da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, atribúelle ás Deputacións competencias na prestación dos servizos de administración electrónica [...] con poboación inferior a 20.000 habitantes.

**Quinto.-** Que, como consecuencia da recente modificación do marco normativo en materia padroal, e en particular do disposto na Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, no Regulamento de Poboación e Demarcación Territorial das Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 1690/1986, de 11 de xullo, e na súa modificación posterior mediante o Real Decreto 141/2024, polo que se prevé que todos os padróns municipais se xestionen por medios electrónicos e se atopen interconectados co Instituto Nacional de Estatística, así como das instrucións técnicas aprobadas pola Resolución de 17 de febreiro de 2020 da Presidencia do Instituto Nacional de Estatística e da Dirección Xeral de Cooperación Autonómica e Local, se impulsa a implantación dun novo modelo de “padrón online” baseado no intercambio de información en tempo real, o que fai necesaria a adaptación progresiva das solucións de xestión padroal actualmente utilizadas polos concellos.

**Sexto.-** A Deputación de Pontevedra, co obxectivo de dar resposta ás necesidades tecnolóxicas dos concellos e reforzar este apoio na administración local, aprobou o 26 de setembro de 2025 a Ordenanza reguladora do funcionamento da Oficina Tecnolóxica de Asistencia aos Concellos (OTAC) da provincia de Pontevedra para centralizar e canalizar as accións de soporte e asistencia aos concellos que se atopan relacionados coas novas tecnoloxías.

**Sétimo.-** Que por medio de acordo en Xunta de Goberno 4.31007, do 26 de novembro de 2021, con CSV: F0KNE07EJD94HW12, apróbase o convenio marco de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e os concellos da provincia, cunha poboación inferior a 50.000 habitantes, para a execución implantación uso e soporte dunha solución de padrón municipal de habitantes (exp. nº2021052661). Con data 22 de decembro de 2023, por medio de acordo en Xunta de Goberno 2.33290, con CSV: U0REFIBO3O9XLCK9 a Deputación de Pontevedra aprobou a I Addenda ao convenio marco de colaboración que rexe a implantación, uso e soporte dunha solución de padrón municipal de habitantes (exp. nº2023069862) ata o 21 de febreiro de 2026.



**Oitavo.-** *Que o anterior convenio permitiu a implantación, parametrización e posta en marcha da aplicación necesaria para xestionar o padrón municipal de habitantes en 38 concellos adheridos ao convenio de colaboración para a implantación, uso e soporte dunha solución de padrón municipal de habitantes.*

**Noveno.-** *Que a Deputación de Pontevedra, no marco das accións de asistencia aos concellos da provincia a través da OTAC, ten en proceso a licitación, mediante un procedemento aberto, a nova contratación da “implantación, uso e soporte dunha solución de padrón municipal de habitantes para concellos”, con nº expediente 2025064680.*

**Décimo.-** *Que os convenios entre as administracións públicas constitúen o instrumento adecuado para desenvolver a súa cooperación en cuestións de interese común, tal e como establecen os artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público; o artigo 57 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e os artigos 198 e seguintes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.*

**Décimo primeiro.-** *Que a cooperación interadministrativa para a aplicación coordinada da normativa reguladora dunha determinada materia poderase plasmar a través dun convenio no que se preveñan as condicións e compromisos que asumen as partes que o subscriben, tal e como preceptúa o artigo 144 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.*

**Décimo segundo.-** *A Deputación de Pontevedra, de conformidade coa política de cooperación interadministrativa que se deriva das iniciativas da UE no ámbito da administración electrónica e que se recollen na Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público e no marco dos accións de asistencia e soporte aos concellos da provincia a través da OTAC, e consciente da importancia do padrón municipal de habitantes para os concellos da provincia de Pontevedra, desexa promover a continuidade a través dun novo proxecto para a implantación, uso e soporte dunha solución de padrón municipal de habitantes para concellos.*

**Décimo terceiro.-** *Resultando de interese para as partes asinantes a realización dos traballos a través dunha empresa adxudicataria.*

**Décimo cuarto.-** *As partes recoñécense a capacidade xurídica necesaria para subscribir este acordo e, en consecuencia, conveñen formalizar este convenio de colaboración (en diante aparecerá denominado como “convenio”) con suxeición ás seguintes:*

## CLÁUSULAS

### **Primeira. Obxecto do convenio**

*Este convenio ten por obxecto regular a colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Caldas de Reis para a execución do proxecto da implantación, uso e soporte dunha solución de padrón municipal de habitantes para concellos.*

### **Segunda. Ámbito subxectivo**

*As entidades beneficiarias das actuacións previstas no presente convenio son os concellos da provincia de Pontevedra, cunha poboación inferior a 50.000 habitantes.*

### **Terceira. Alcance da solución de padrón municipal de habitantes para concellos**

*É alcance do presente convenio a implantación, parametrización e posta en marcha da solución necesaria para xestionar o padrón municipal de habitantes e o censo de vivendas.*



*Ademais, será alcance da solución:*

- *A instalación do sistema, a xestión de acceso do mesmo, identificando perfís e establecendo a autorización dos usuarios ás distintas funcionalidades da solución. Así mesmo realizarase a configuración e posta en marcha do sistema segundo as necesidades de cada concello.*
- *A integración coa plataforma de administración electrónica existente nos concellos, o que lles permitirá facilitar e axilizar a realización dos trámites municipais relacionados co padrón de habitantes, reducindo os tempos de espera do cidadán, optimizando o gasto e os recursos existentes e xerando unha administración máis próxima á cidadanía.*
- *A integración co INE para o intercambio automático e seguro dos datos mediante formatos normalizados.*
- *A migración de datos existentes na aplicación actual de padrón de cada concello e o censo de vivendas, evitando no posible a manipulación manual dos datos.*
- *A xestión do cambio mediante un plan orientado ao persoal do concello para o aprendizaxe dos aspectos técnicos e funcionais da nova ferramenta para a súa correcta posta en funcionamento. Impartiranse cursos de formación necesarios para o uso do novo entorno, a nivel usuario e a nivel de administración.*
- *Un soporte ás persoas usuarias que resolva aquelas consultas, incidencias e solicitudes de información derivadas da operatoria e explotación da solución de padrón.*
- *O mantemento correctivo e evolutivo que garanten a corrección de incidencias e a actualización e inclusión de novas funcionalidades, desde o momento de posta en produción e durante todo o tempo de execución do proxecto. O mantemento incluirá a implantación das novas versións da solución de padrón que se desenvolvan durante a execución do proxecto.*

#### **Cuarta. Obrigas da Deputación de Pontevedra**

*A Deputación de Pontevedra comprométese a facilitar, a través da empresa adjudicataria, co réxime económico previsto na cláusula sexta:*

- 1. A implantación, parametrización e posta en marcha da solución necesaria para xestionar o padrón municipal de habitantes e o censo de vivendas.*
- 2. A respectar e protexer a confidencialidade dos datos propiedade dos concellos adoptando as medidas de seguridade que sexan necesarias para tal fin garantindo o cumprimento da normativa básica de protección de datos de carácter persoal.*
- 3. A favorecer a formación e proporcionar o material necesario para que o persoal do concello poida coñecer adecuadamente o contido das prestacións incluídas neste proxecto.*
- 4. A comunicarlle ao concello calquera modificación no alcance dos traballos debido a cambios tecnolóxicos ou legais.*

#### **Quinta. Obrigas do concello**

*O concello comprométese ao seguinte:*

- 1. Formalizar a adhesión á Oficina Tecnolóxica de Asistencia aos Concellos e garantir a súa vixencia durante o período de duración do convenio.*
- 2. Autorizar á empresa adjudicataria para que poida realizar todas as operacións necesarias para a implantación da solución de padrón municipal de habitantes e o censo de vivendas para concellos.*
- 3. Nomear a unha persoa interlocutora única, que actuará como persoa de referencia ante o organismo provincial no desenvolvemento do proxecto. Para estes efectos a persoa interlocutora identificará as persoas idóneas ou área para facilitar a organización de reunións, a execución das tarefas e a obtención dos datos necesarios para a Deputación e a empresa adjudicataria. O concello deberá comunicar, no prazo máximo de 5 días desde a sinatura do convenio, quen é a persoa que actuará como interlocutora.*



4. Pór a disposición da Institución Provincial e da empresa adxudicataria, no menor tempo posible e sempre nun prazo non superior a 10 días hábiles desde a súa solicitude, a información necesaria para facilitar a implantación da solución no concello.
5. Responder as consultas realizadas pola Deputación e a empresa adxudicataria no menor tempo posible, sempre nun prazo non superior a 7 días a partir da recepción da consulta.
6. Colaborar de maneira activa co Organismo Provincial e coa empresa adxudicataria nas visitas ás instalacións do concello, así como na resolución das dúbidas que puidesen xurdir sobre a información obtida.
7. Conservar toda a documentación xustificativa das actuacións realizadas no ámbito do proxecto, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

### **Sexta. Financiamento e réxime económico**

O custo total das actuacións obxecto do contrato que regula as prestacións do convenio é de 338.578,52 euros, máis 69.421,48 euros (correspondente ao 21% de IVE) para facer un total de 400.000 euros para os dous anos de duración do contrato, con cargo ás aplicacións orzamentarias:

Táboa 1. Financiamento

Aplicación orzamentaria	Importe Total
26/926.9260.206.00	166.666,67 €
27/926.9260.206.00	200.000 €
28/926.9260.206.00	33.333,33 €

Para o desenvolvemento das actividades previstas neste convenio os concellos deberán asumir o pagamento dunha contraprestación económica segundo o previsto no modelo de contraprestación económica e criterios de distribución recollido como anexo I. Este modelo ten carácter dinámico tomando como referencia o número de habitantes de cada concello acordo a actualización de poboación do Instituto Nacional de Estatística (INE) versión ano 2025 e sucesivas.

A forma de liquidación será anual e as achegas económicas, segundo o previsto no anexo I, deberán ingresarse na Tesoureira Provincial no primeiro trimestre de cada exercicio nos prazos que se sinalen na liquidación que se notifique.

### **Sétima. Control e seguimento**

Para velar polo cumprimento do estipulado constituirase unha comisión paritaria de seguimento da execución do convenio, formada por dúas persoas representantes, unha por parte da Deputación de Pontevedra e outra por parte do concello, que actuará como órgano de vixilancia, seguimento e control do establecido neste convenio, promovendo, se o considera adecuado, outras actuacións que poidan enriquecer o seu desenvolvemento. A composición desta comisión será a seguinte:

- Pola Deputación de Pontevedra, a persoa deputada provincial con competencias en materia de Novas Tecnoloxías, ou a persoa na que delegue.
- Polo concello, a persoa que exerza a súa Alcaldía ou Presidencia, ou a persoa na que delegue.

A presidencia exerceraa a persoa deputada provincial con competencias en materia de Novas Tecnoloxías, ou a persoa na que delegue.

Nos casos de vacante, ausencia, enfermidade ou outra causa legal, a presidencia será ocupada pola persoa na que delegue.



### **Oitava. Modificacións do convenio**

*As modificacións do convenio adoptaranse por acordo expreso e escrito das partes asinantes e de acordo cos trámites que esixa a normativa vixente.*

*En cumprimento do establecido no artigo 34.1 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de Racionalización do Sector Público Autonómico, o presente convenio poderá ser obxecto de modificación para o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.*

### **Novena. Resolución**

*Sen prexuízo do establecido na normativa vixente, serán causas de resolución do presente convenio as seguintes:*

- *Acordo unánime de tódolos asinantes.*
- *Incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións que o regulan.*
- *Transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actividades acordadas.*
- *Calquera outra causa de resolución previstas no convenio e na lexislación vixente de aplicación.*

*En calquera suposto de resolución anticipada as partes comprométense a finalizar as actividades en curso.*

### **Décima. Vixencia, duración e prórroga do convenio**

*Este convenio terá unha vixencia de 4 anos a contar dende a data da súa sinatura, podendo prorrogarse ata un máximo de 4 anos máis de conformidade co disposto no artigo 49 h) 2º da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.*

### **Décimo primeira. Réxime xurídico e lexislación aplicable**

*Este convenio de colaboración ten natureza xurídico-administrativa e rexerase polo previsto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de citada Lei. Non lle é aplicable a Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.*

*Para resolver cantas dúbidas ou lagoas puidesen producirse na interpretación, execución, efectos, modificación e resolución do convenio, será de aplicación o disposto no propio convenio e, na súa falta, aplicarase a Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, e os principios da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.*

*As partes comprométense a tentar resolver de maneira amigable calquera desacordo que puidese xurdir no desenvolvemento, interpretación, cumprimento, extinción e efectos deste convenio a través da comisión de seguimento establecida na cláusula sétima.*

*En caso de non ser posible unha solución amigable e proceder o litixio xudicial, a xurisdición competente para coñecer e resolver estas cuestións será a xurisdición contencioso-administrativa, de conformidade coa Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.*



### **Décimo segunda. Compatibilidade con outras subvencións**

*Este convenio é compatible coa percepción doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais.*

*O concello deberá comunicar á Deputación de Pontevedra a obtención dos recursos citados en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos. Cando as actividades fosen financiadas, ademais de con esta subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación do gasto o importe, procedencia e aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.*

*O importe da subvención, en ningún caso, poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outros recursos supere o custo da actividade subvencionada.*

### **Décimo terceira. Confidencialidade da información**

*As partes comprométese ao intercambio dos datos e información técnica para o cumprimento efectivo de todos os termos deste convenio coas garantías de confidencialidade que en cada caso se requiran e permanecerá exclusivamente no ámbito de relación das mesmas partes e do persoal técnico que colabore nas actividades, obrigándose a mantelo en réxime de confidencialidade por prazo indefinido e con independencia da duración deste convenio.*

*Toda a información e documentación intercambiada no marco do convenio será propiedade das respectivas partes.*

*As partes poderán darlle publicidade á existencia deste convenio na forma en que ambas o determinen de mutuo acordo.*

### **Décimo cuarta. Protección de datos**

*As actuacións obxecto deste convenio que impliquen o tratamento de datos de carácter persoal deberán respectar na súa integridade a normativa reguladora da protección de datos de carácter persoal.*

*A contratación dos traballos obxecto do presente convenio deberá incorporar entre as súas cláusulas as garantías aquelas previstas no artigo 28 do Regulamento Xeral de Protección de Datos.*

*En caso de darse tratamentos de datos persoais no contexto da execución de actividades no ámbito do presente convenio, as partes poderán ser responsables, corresponsables ou encargados do tratamento dos datos persoais, sendo a comisión de seguimento do convenio quen determine dita responsabilidade ou corresponsabilidade ou a posible existencia do encargo do tratamento, atendendo ao tratamento de datos persoais particular que teña lugar en cada caso.*

*A empresa adjudicataria do contrato porá ao dispor da persoa responsable toda a información necesaria para demostrar o cumprimento das obrigacións establecidas no devandito artigo, así como para permitir e contribuír á realización de auditorías, incluídas inspeccións, por parte da persoa responsable ou auditora autorizada polo devandito persoa responsable, así como informar inmediatamente se, na súa opinión, unha instrución infrinxe a normativa en materia de protección de datos.*

### **Décimo quinta. Notificación electrónica**

*Tomando en consideración que todas as partes asinantes entran dentro dos suxeitos obrigados a relacionarse por medios electrónicos e, por tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas, segundo establece o artigo 14.2 da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común, as notificacións realizaranse só por medios electrónicos.*



### **Décimo sexta. Cesión de competencias**

*Este convenio non supón, en ningún caso, a cesión de competencias dunha das partes á outra, nin tampouco a concesión, expresa ou implícita, de dereito ningún.*

### **Décimo sétima. Remisión do convenio ao Tribunal de Contas**

*Unha vez concluído o exercicio correspondente procederase á remisión do presente convenio ao Tribunal de Contas de acordo co procedemento establecido na Resolución Presidencial nº 2017008767, de data 3 de maio de 2017, en relación co preceptuado no artigo 53 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, tendo en conta que os compromisos económicos da Deputación de Pontevedra derivados deste convenio non superan os 600.000,00 euros.*

### **Décimo oitava. Adhesión dos concellos**

*Os concellos previstos na cláusula segunda poderán adherirse ao establecido no presente convenio achegando a carta de adhesión prevista como anexo II.*

*Unha vez recibida a solicitude de adhesión, a Deputación de Pontevedra comprobará o cumprimento dos requisitos previstos, e, no seu caso, mediante resolución ou acordo por parte do órgano competente, aprobará a citada solicitude, acto que será oportunamente notificada ao concello solicitante.*

*Despois de ler as dúas partes, este convenio asínano como proba de conformidade as persoas interviñentes.*

*Asinado dixitalmente.*

## ANEXO I - MODELO DE CONTRAPRESTACIÓN ECONÓMICA ANUAL

POBOACIÓN CONCELLOS	PAGO ANUAL POR ENTIDADE (€)
<i>Menos de 5.000</i>	<i>203,17</i>
<i>De 5.001 a 10.000</i>	<i>406,34</i>
<i>De 10.001 a 20.000</i>	<i>609,51</i>
<i>Máis de 20.000</i>	<i>1.015,86</i>

*O modelo de contraprestación económica baséase na repartición do 15% do importe de licitación anual entre os concellos, utilizando un sistema de ponderación por rangos de poboación baseado na serie de Fibonacci e redondeando o importe final ao seguinte enteiro, logrando unha distribución equilibrada e transparente entre os concellos.”*

Segundo.- Aprobar as liquidacións anuais, segundo o previsto no modelo de contraprestación económica, Anexo I do convenio de colaboración.



Terceiro.- Dar traslado do presente acordo ao Servizo de Novas Tecnoloxías, para que no prazo previsto na cláusula sexta do devandito convenio, notifique as correspondentes cartas de pagamento de acordo co seguinte detalle:

	ENTIDADE LOCAL	POBOACIÓN	PAGAMENTO POR ENTIDADE
1	CONCELLO DE CALDAS DE REIS	9.615	406,34 €

Cuarto.- Facultar ó presidente para a formalización do mencionado convenio mediante a súa sinatura.

3.36984.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE BAIONA, NO MARCO DO III PLAN EXTRAORDINARIO DE INFRAESTRUTURAS DEPORTIVAS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “SUBSTITUCIÓN DE CÉSPEDE ARTIFICIAL NO CAMPO DE FÚTBOL DO ARAL” (EXPTE. 2025082826)

#### ANTECEDENTES

- O Pleno da Deputación Provincial na súa sesión extraordinaria do 30 de setembro de 2025, mediante o acordo número 5.8494, aprobou as bases reguladoras e a convocatoria do III Plan extraordinario de infraestruturas deportivas, publicadas no BOPPO núm. 189, de 3 de outubro de 2025.
- O financiamento deste plan ascende a oito millóns (8.000.000,00) de euros, financiados con fondos propios da Deputación con cargo ao orzamento provincial, imputable á aplicación orzamentaria 2026/942.3420.762.95.2025.
- As subvencións outorgáranse polo procedemento de concorrencia non competitiva entre todos os concellos da provincia de Pontevedra de ata cincuenta mil (50.000) habitantes, segundo a correspondente certificación expedida polo Instituto Galego de Estatística (IGE) referida á última actualización do censo (ano 2024).
- Mediante a Resolución Presidencial núm. 2025008123 de data 07/10/2025 aprobouse o repartimento do crédito que lle corresponde a cada concello e que se corresponde co importe máximo de subvención ao que pode optar cada entidade local. No caso do Concello de Baiona o importe que lle corresponde é de 152.845,20€.
- En data 30/12/2025, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no Rexistro da Deputación (núm. Rexistro WEB2025087726 ) dunha petición do Concello, na que solicita, con cargo á cantidade que lle corresponde no reparto, unha subvención por importe de 152.845,20€ ao abeiro do III PEID, con destino ao financiamento do investimento denominado “Substitución de céspede artificial no campo de fútbol do Aral”, cun orzamento de 242.609,42€ dos cales 235.107,42€ son de execución e obra



e 7.502,00€ de honorarios técnicos, o importe restante ata completar o orzamento financíase con unha aportación municipal de 89.764,22 €. A presente subvención queda condicionada a aportación da autorización sectorial da Dirección Xeral de Patrimonio, sendo imprescindible que a remita a Deputación xunto coa primeira xustificación da axuda económica.

- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases reguladoras do III PEID.
- As actuacións contan co informe de supervisión favorable do técnico facultativo do Servizo de Cooperación de data 25/03/2026.
- Así mesmo o 25/03/2026 o xefe do Servizo de Cooperación informa favorablemente a concesión da subvención e a Intervención provincial emite informe favorable o 20/04/2025.

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

### RÉXIME XURÍDICO

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP).
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL).
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Pontevedra (OXSDPPO).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do III Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas (III PEID).

## CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

### INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 7ª do III PEID, que indica que lle corresponde o xefe do Servizo de Cooperación a instrución do procedemento de concesión. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe dos servizos técnicos provinciais, no caso de ser necesario, e da fiscalización de Intervención.

## PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto da mesma.



- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Reguladora 7ª do III PEID, que indica que as propostas de resolución definitivas se elevarán ao órgano competente para a súa aprobación.

### RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 da LXS, que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 da LXS, polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 da RLXS, que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL, que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da OXSDPPO, que regulan o procedemento de concesión.
- Base 1ª das reguladoras do III PEID que definen o obxecto e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do III PEID que consignan o crédito orzamentario, o procedemento de concesión, así como os criterios obxectivos de repartimento.
- Bases 8ª e 10ª das reguladoras do III PEID que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

### RÉXIME COMPETENCIAL

- En virtude do reparto de competencias recollido nos artigos 35 da LRBRL e 63 do ROFRXEL, e de acordo coas bases específicas de execución do vixente orzamento da Deputación, a competencia para resolver correspóndelle á Xunta de Goberno.

### CONCLUSIÓNS

A solicitude do Concello de Baiona relativa ao financiamento do investimento denominado “Substitución de céspede artificial no campo de fútbol do Aral” presentouse dentro do prazo recollido na convocatoria do III PEID, adáptase ás consideracións xurídicas expostas e xunta a documentación precisa para a válida concesión dunha subvención por importe de 152.845,20 €.

O obxecto do investimento adecúase dentro da tipoloxía das finalidades subvencionables reguladas na Base reguladora 1ª denominada “Obxecto”.



Á vista dos antecedentes, fundamentos de dereito e conclusións, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao Concello de Baiona, CIF P3600300B, a cantidade de 152.845,20€ con destino ao financiamento do investimento “Substitución de céspede artificial no campo de fútbol do Aral” ao abeiro do III Plan extraordinario de infraestruturas deportivas, cun orzamento de 242.609,42€ dos cales 235.107,42€ son de execución e obra e 7.502,00€ de honorarios técnicos, o importe restante ata completar o orzamento financíase con unha aportación municipal de 89.764,22€. A presente subvención queda condicionada a aportación da autorización sectorial da Dirección Xeral de Patrimonio, sendo imprescindible que a remita a Deputación xunto coa primeira xustificación da axuda económica.

A execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do PEID III (BOPPO núm. 189, de 3/10/2025) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2025/942.3420.762.95 do vixente orzamento provincial no que existe crédito suficiente para facer fronte ao gasto, e sobre o cal se procederá á fase de orde de pagamento polo órgano competente.
- Dar traslado do presente acordo ao Concello do Baiona, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete de Presidencia.

4.36985.- CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE O CAMPO LAMEIRO AO ABEIRO DO PLAN +PROVINCIA PARA A ACTIVACIÓN DO EMPREGO DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA 2026 (LIÑA 3) (EXPTE. 2026028109)

## ANTECEDENTES

- 1) O Pleno da Corporación Provincial na súa sesión ordinaria do día 26/12/2025, punto núm.4.8555, aprobou as Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2026-2027. As bases e o extracto da convocatoria publicáronse no BOPPO nº 1 do 02/01/2026.
- 2) Mediante Resolución Presidencial núm. 2026000127, de 14/01/2026, aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello, se ben, unha vez comunicadas as débedas pendentes coa Deputación, poderase proceder de oficio á súa detracción, polo que neses casos o importe definitivo será calculado tendo en conta a detracción que se efectúe.
- 3) De conformidade co disposto no Capítulo III das Bases, con cargo á Liña 3 (Programa de activación do emprego 2026) será subvencionable a contratación laboral de persoas desempregadas para a conservación e funcionamento de bens e servizos municipais, de interese xeral e social, segundo a normativa aplicable, sempre que cumpran os requisitos esixidos.



- 4) Ao abeiro da Liña 3 (Programa de activación do emprego 2026), recibíuse unha solicitude de subvención coas seguintes características:

CONCELLO DE O CAMPO LAMEIRO					
Data de presentación:		06/04/2026 (registro WEB2026029153)			
Datas emendas:		17/04/2026 (registro WEB2026033990) 20/04/2026 (registro WEB2026034340)			
Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Orzamento	Orzamento elixible	Achega municipal	Importe da subvención solicitada
8	1 albanel e 1 peón albanel en xornada de 35 h./sem. durante 8 meses e 5 peóns forestais e 1 peón de limpeza en xornada de 35 h./sem. durante 6 meses	90.872,74 €	90.872,74 €	78,10 €	90.794,64 €

- 5) A solicitude do concello referenciado respecta en todo caso o importe máximo da cantidade que lle corresponde a cada concello (detráidas no seu caso as débedas contraídas coa Deputación). Na aplicación 2026/942.9425.462.03 existe crédito suficiente para facer fronte a este gasto.

CONCELLO DE O CAMPO LAMEIRO	
LIÑA 3: importe máximo da subvención que se pode destinar a esta liña	90.794,64 €

- 6) Xúntase a relación valorada da solicitude, calculándose o importe da subvención segundo a petición do beneficiario en base ao custo das contratacións e tendo en conta o número de traballadores, a duración das contratacións e o tipo de xornada a realizar (completa ou parcial). A subvención comprende o custo salarial e a cotización á seguridade social, da contratación das persoas desempregadas que reúnan os requisitos esixidos (calquera que sexa a categoría profesional), respectando o salario mínimo interprofesional por traballador (importe proporcional ás horas traballadas) que se atope en vigor en cada momento ou as retribucións que resulten aplicables en atención á categoría profesional da persoa traballadora, complementando o concello, no seu caso, a cantidade que sexa necesaria ata acadar os salarios que correspondan por categoría profesional.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- Réxime Xurídico:



- De conformidade co establecido na disposición adicional oitava da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), as subvencións que se arbitren a favor dos concellos a través dos programas de axudas referidos na base primeira rexeranse polas bases do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2026-2027.
- Con todo, para o non previsto nelas, aplicaranse supletoriamente a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS); o seu regulamento de desenvolvemento, aprobado polo Real decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS); a Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra (OXSDEPPO); e as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Segundo.- Consideracións xurídicas:

I.- Instrución do expediente:

- A Base Oitava do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2026-2027 dispón que o procedemento de concesión destas subvencións será o de concorrencia non competitiva; e, así mesmo, segundo o disposto na base Décimo Quinta, a instrución do procedemento de concesión correspóndelle ó Servizo de Cooperación, que realizará de oficio as actuacións que estime necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes.

II.- Petición e evacuación de informes:

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 16 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local, sobre a fiscalización previa da aprobación ou autorización de gastos e da disposición ou compromiso de gasto da entidade local
- Bases 47ª e 48ª de execución do Orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinala a competencia da Intervención para realizar esta función.
- Artigo 24 da LXS que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Décimo Quinta das Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2026-2027, que sinala que o órgano instrutor poderá solicitar todos os informes que considere convenientes ou necesarios para o correcto outorgamento das subvencións.

III.- Resolución do expediente

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 da LXS polo que o órgano competente resolverá o procedemento e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención
- Artigo 62 do RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios



- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Base de execución 16<sup>a</sup>.2<sup>a</sup> do orzamento que sinala que o órgano competente para a autorización e disposición deste gasto é a Xunta de Goberno.
- Bases de execución 25<sup>a</sup>.2<sup>a</sup> e 4<sup>a</sup> do orzamento provincial que regulan o procedemento de concesión e a compensación de débedas de entidades locais.
- Base Décimo Quinta das Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2026-2027, que sinala que unha vez efectuado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente segundo a natureza do gasto e da fiscalización da Intervención.
- Capítulo III das Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2026-2027 que sinalan a necesaria documentación para a válida concesión da subvención, os requisitos dos servizos para os que se van contratar aos traballadores, así como os gastos subvencionables.

## CONCLUSIÓNS:

Primeiro.- Esta solicitude foi presentada en prazo e achégase a documentación precisa para a súa valoración.

Segundo.- En canto ás funcións para as que se contratarán ós traballadores, de acordo coas memorias achegadas, consisten en servizos de interese xeral e social. O importe da subvención solicitada non excede do importe máximo de financiamento do plan nin a cantidade máxima da liña 3, segundo o disposto nas bases Quinta, Sexta e Sétima, asignada a cada concello.

Terceiro.- As cantidades que resultan subvencionables calcúlanse en base ás solicitudes realizadas polo concello, tendo en conta o límite mínimo do Salario Mínimo Interprofesional por traballador e tomando como referencia por defecto unha xornada completa de 37,5 horas semanais. No caso de que as contratacións de desempregados se efectúen por un importe inferior de horas das estipuladas para un contrato a xornada completa, o importe subvencionable mínimo reducirase proporcionalmente en función das horas traballadas.

En consecuencia, son os interesados os que sinalan o importe a subvencionar na súa solicitude, que poderá exceder o SMI en razón das obrigas legais ou por convenio existentes. Os beneficiarios asumen o compromiso de afrontar a cantidade complementaria non subvencionada.

Cuarto.- Unha vez concedida a subvención, os concellos poderán solicitar o pago anticipado segundo o establecido na base Cuadraxésimo Oitava do Capítulo III. Asemade, deberán xustificar as subvencións concedidas de conformidade ó establecido na citada base e tendo en conta o disposto en relación ás obrigas do beneficiario, especialmente en canto á publicidade.

Quinto.- De conformidade co disposto no Real Decreto-ley 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, as contratacións deberán realizarse pola modalidade do contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, ao abeiro do recollido na disposición adicional novena do Texto refundido da Lei de



emprego, e serán dados de alta na Seguridade Social cos códigos 405 e 505, segundo a contratación sexa a tempo completo ou parcial. Todos os contratos deben iniciarse a partir do 1 de xaneiro de 2026 e finalizarán como máximo o 31 de decembro de 2026, sen que en ningún caso a subvencionabilidade dos contratos poida exceder este período. As contratacións laborais estarán condicionadas ao cumprimento do preceptuado na normativa laboral aplicable, que limitará en todo caso a aplicación do réxime de posibles substitucións ou modificacións da resolución ou acordo de concesión da subvención previsto nas Bases reguladoras.

#### RÉXIME COMPETENCIAL:

En virtude do establecido na base 16ª.2ª c) das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto nos artigos 34 e 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e no artigo 17 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.

Por todo o exposto, á vista da documentación que obra no expediente, do informe do xefe do Servizo de Cooperación (CSV: XXUT7VZTMSUNTGFL) e do informe de Intervención (CSV: 37FB8AHBMW6V1PHE), a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar a concesión dunha subvención ao Concello de O Campo Lameiro (CIF P3600700C) segundo a táboa anexa, polo procedemento de concorrencia non competitiva, ao abeiro do Programa de activación do emprego da Deputación de Pontevedra 2026 (LIÑA 3) para a contratación dos traballadores e categorías laborais que se relacionan no mesmo, con cargo á aplicación orzamentaria 2026/942.9425.462.03:

ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe a conceder
O Campo Lameiro (P3600700C)	8	1 albanel e 1 peón albanel en xornada de 35 h./sem. durante 8 meses e 5 peóns forestais e 1 peón de limpeza en xornada de 35 h./sem. durante 6 meses	90.794,64 €

- A selección do persoal levarase a cabo a través dos Servizos Públicos de Emprego entre persoas desempregadas, inscritas como demandantes non ocupadas e dispoñibles para o emprego, e que reúnan os requisitos establecidos nas bases do Plan +Provincia 2026-2027 no referente á liña 3, especificamente na base Cuadraxésima Terceira.
- En todo caso, as contratacións laborais estarán condicionadas ao cumprimento do preceptuado na normativa laboral aplicable.



- En canto a xustificación, no prazo máximo de dous meses a partir do día seguinte ó da finalización do período máximo subvencionable (31 de decembro de 2026) cómpre presentar na sede electrónica da institución provincial a documentación xustificativa que se indica na base Cuadraxésimo Oitava das reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027.
- A non xustificación ou a xustificación insuficiente dará lugar á perda ou o reintegro da subvención percibida conforme ao establecido no artigo 36 e ss. da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e no artigo 29 e ss. da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra.
- Darlle Traslado do presente acordo ó Concello, a Intervención Provincial e ó Servizo de Cooperación.

5.36986.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE A CANIZA, AO ABEIRO DO PLAN + PROVINCIA 2026-2027 LIÑA 1-INVESTIMENTOS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DA ACHEGA MUNICIPAL DO PLAN PROVINCIA EXTRAORDINARIA-PLAN EXTRA 2024 DO INVESTIMENTO “HUMANIZACIÓN DA RÚA ANTONIO FACORRO, DENDE A EP-5003 ATA A N-120 NO CONCELLO DE A CANIZA” (EXPTE. 2026008088)

#### ANTECEDENTES:

- O Pleno da Deputación, na sesión do día 26/12/2025, mediante acordo núm. 4.8555, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan + Provincia 2026-2027), en adiante Plan + Provincia 2026-2027, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 1 do 02/01/2026.
- Mediante resolución presidencial núm. 2026000127 de data 14/01/2026 aprobouse a repartición total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.
- En data 07/03/2025 o Pleno da Corporación Provincial en sesión extraordinaria, por acordo número 3.8370, aproba a concesión dunha subvención ao concello de A CANIZA que importa 700.000,00 euros co obxecto de financiar a actuación denominada “HUMANIZACION DA RUA ANTONIO FACORRO, DENDE A EP-5003 ATA A N-120-NO CONCELLO DE A CANIZA” (exp: 2024076712) encadrado dentro do Plan Provincia Extraordinaria-PLAN EXTRA 2024, cun orzamento de 1.254.366,89 euros, quedando configurada a súa financiación tal é como se indica na seguinte táboa:



Orzamento	SUBVENCIÓN PLAN EXTRA 2024	ACHEGAS DOUTRAS ADMINISTRACIÓNS €	ACHEGA MUNICIPAL
1.254.366,89	700.000,00	0,00	554.366,89

- En data 21/04/2025, por acordo 4.35092 concédeselle ao Concello de A CANIZA, dentro do Plan + Provincia 2025, unha subvención para financiar parte da achega municipal da actuación encadrada dentro do PLAN EXTRA 2024 salientada no parágrafo anterior “HUMANIZACION DA RÚA ANTONIO FACORRO, DENDE A EP-5003 ATA A N-120 NO CONCELLO DE A CANIZA” por importe de 277.183,45 euros.
- En data 27/03/2026 mediante acordo Plenario 9.8620 autorízase o proxecto reformulado presentado polo concello o que supuxo modificar o seu orzamento, quedando configurada a súa financiación tal é como se indica na seguinte táboa:

Orzamento	SUBVENCIÓN PLAN EXTRA 2024	SUBVENCIÓN PLAN + PROVINCIA 2025- €	ACHEGA MUNICIPAL
1.456.454,94	700.000,00	277.183,45	479.271,49

- En data 13/02/2026, mediante rexistro WEB2026009560, emendado en data 25/03/2026 (rexistro WEB2026023683) formalmente e en prazo, consta entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan + Provincia 2026-2027, dunha petición do Concello de A CANIZA na que solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu na repartición unha subvención, por importe de 479.271,49 euros, co obxecto do financiamento da achega municipal ao Plan Provincia Extraordinaria-Plan Extra 2024 do investimento “HUMANIZACION DA RUA ANTONIO FACORRO, DENDE A EP-5003 ATA A N-120 NO CONCELLO DE A CANIZA” (exp.: 2026008088), cuxo orzamento tras o modificado ascende a 1.456.454,94 euros.

Deste modo, o financiamento da petición do Concello de A CANIZA queda configurado tal é como se reflicte na seguinte táboa:

Orzamento- €	Anualidades	Subvención-€	Plan / Programa
1.456.454,94	2024	700.000,00	Plan Provincia Extraordinaria-Plan Extra 2024 (exp: 2024076712)
	2025	277.183,45	Plan + Provincia 2025 (exp: 2025020610)
	2026	479.271,49	Plan + Provincia 2026-2027, anualidade 2026 (exp: 2026008088)



- Consta no expediente informe de supervisión favorable do proxecto reformulado emitido polo Servicio Técnico de Cooperación de data 25/02/2026.
- Así mesmo, procede a modificación do acordo de concesión núm. 4.35092 do exercicio 2025 para axustar o orzamento da actuación ao novo proxecto autorizado, mantendo invariable a contía da subvención concedida.
- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 e achega a documentación que se recolle na base 29ª.

Non obstante, a concesión queda condicionada a que o concello achegue coa primeira xustificación do investimento subvencionado as correspondentes autorizacións sectoriais, conforme ao establecido na base 24ª do Plan.

- Precisar que a subvención que se conceda rexerese polas normas reguladoras do plan que se co-financia, agás no referido aos prazos de execución e xustificación, que se rexerán polo plan que contemple o prazo mais restritivo.
- Toda a documentación relativa a este investimento consta no Servizo de Cooperación nos seguintes expedientes.
  - ✓ 2024076712 do Plan Provincia Extraordinaria- Plan Extra 2024; código SIA 3146152
  - ✓ 2025020610 do Plan + Provincia 2025; código SIA 2249895

## FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

### 1.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.



## II.- CONSIDERACIÓN XURÍDICAS

### INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan + Provincia 2026-2027 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude e, en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

### PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

### RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivárase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª, 19ª, 20ª, 21ª, 22ª e 23ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan. Así mesmo, a referida base 19ª no seu punto 2ª establece que se poderán incluír no Plan investimentos en obras de carácter bienal, plurianual ou que, sen ter este carácter a súa execución ou financiamento poida comprender máis dun exercicio, nos que a fonte principal de financiamento son as subvencións concedidas pola Deputación a través doutros plans ou os fondos concedidos por outras Administracións Públicas, de modo que a subvención solicitada mediante o Plan + Provincia 2026-2027 é empregada polo Concello para financiar a súa achega económica.



- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2026, así como os criterios obxectivos de repartición.
- Bases 10ª e 29ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención. A devandita base 29ª dispón que no caso de se solicitar subvencións para financiar a achega municipal para investimentos integrados noutros plans (Plan Extra...), o Concello non estará obrigado a presentar aquela documentación que xa conste no Servizo de Cooperación, sempre que indique o día, o número de rexistro de entrada na Sede electrónica da Deputación e o procedemento no que se presentou.

### PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e visto o informe de supervisión favorable do proxecto reformulado emitido polo Servicio Técnico de Cooperación de data 25/02/2026, o informe do xefe do Servizo de Cooperación, de data 10/04/2026, que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 23/04/2026, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao Concello de A CANIZA, CIF: P3600900I, unha subvención por importe de 479.271,49 euros co obxecto do financiamento da achega municipal do Plan Provincia Extraordinaria- Plan Extra 2024, do investimento “HUMANIZACIÓN DA RÚA ANTONIO FACORRO, DENDE A EP-5003 ATA A N-120 NO CONCELLO DE A CANIZA” (exp: 2026008088)”, cuxo orzamento ascende a 1.456.454,94 euros, quedando configurada a súa financiación tal é como se establece na seguinte táboa:

Orzamento- €	Anualidades	Subvención-€	Plan / Programa
1.456.454,94	2024	700.000,00	Plan Provincia Extraordinaria-Plan Extra 2024- exp: 2024076712
	2025	277.183,45	Plan + Provincia 2025- exp.: 2025020610
	2026	479.271,49	Plan + Provincia 2026-2027, anualidade 2026- exp.: 2026008088

Non obstante, a presente concesión de subvención queda condicionada á que o Concello achegue as correspondentes autorizacións sectoriais precisas para executar a actuación. Esta documentación será presentada coa primeira xustificación do investimento subvencionado.



- Modificar o acordo da Xunta de Goberno núm. 4.35092 do 21/04/2025 unicamente aos efectos de axustar o orzamento de referencia ao novo proxecto autorizado polo Pleno, mantendo invariable a contía da subvención concedida para a anualidade 2025 encadrada no Plan + Provincia 2025 (o orzamento ascende a 1.456.454,94 euros manténdose a subvención en 277.183,45 euros).
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 26/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 4.8555 de 26/12/2025 e publicadas no BOPPO núm. 1 do 02/01/2026 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- A execución e xustificación do investimento rexeráse polas normas do Plan Extra 2024, de acordo co establecido na base nº 25 das reguladoras do Plan Máis Provincia 2026-2027, agás no referido ós prazos de execución e xustificación, que se rexerán polo plan que contemple o prazo máis restritivo.
- Darlle traslado do presente acordo ao Concello de A CANIZA, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

6.36987.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE MOAÑA, AO ABEIRO DO PLAN + PROVINCIA 2026-2027, PARA O FINANCIAMENTO DA ACHEGA MUNICIPAL AO INVESTIMENTO “MELLORA NO CAMPO DE FÚTBOL DA GRANXA (ACHEGA III PEID)” (EXPTE.2026023270)

#### ANTECEDENTES

- O Pleno da Deputación, na sesión do día 26/12/2025, mediante acordo núm. 4.8555, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan + Provincia 2026-2027), en adiante Plan + Provincia 2026-2027, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 1 do 02/01/2026.
- Mediante resolución presidencial núm. 2026001127 do 14/01/2026, procedeuse a aprobación do cadro de repartición de fondos por liña e municipio; sen prexuízo de que a disposición efectiva do crédito quede supeditada á presentación de cada solicitude, á revisión da documentación preceptiva e á oportuna instrución do procedemento conforme o establecido no Capítulo I (Liña 1-Investmentos).
- En data 27/03/2026, con núm. de rexistro WEB2026024695, tivo entrada na sede electrónica da Deputación, en prazo e forma, a solicitude do Concello de Moaña ao abeiro do Plan + Provincia 2026-2027. A petición interesa unha subvención por importe de 272.300,39 euros con cargo a súa asignación no Plan, con destino ao financiamento de parte da achega municipal para o investimento “MELLORA NO CAMPO DE FÚTBOL da GRANXA” (expdte 2026023270), cuxo orzamento ascende ao 492.702,88 euros. Para a execución do investimento proposto o Concello de Moaña ten concedida unha



subvención no marco do III PEID por importe de 196.452,35 euros e achega con fondos propios 23.950,14 euros, completándose así o financiamento do investimento.

Deste modo, a petición do Concello de Moaña queda configurada tal é como se reflicte na seguinte táboa:

Anualidade/s	Orzamento- €	Subvención -Plan + Provincia 2026-2027, anualidade 2026€	Achegas doutros Plans ou programas-€	Fondos propios do Concello -€
2026	492.702,88	272.300,39	196.452,35	23.950,14

- Revisado o expediente, despréndese que a solicitude cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 e achega a documentación prevista na base 2ª, contando co informe favorable do persoal facultativo técnico do servizo de cooperación.
- Conclúese que toda a documentación técnica e administrativa relativa á obra de referencia se atopa debidamente integrada e consultable a través dos seguintes rexistros:
  - o Expediente 2026000218 (COD SIA 3035867), con núm. rexistro entrada WEB2026000143 de data 02/01/2026.
  - o Expediente 2026023270 (COD SIA 2249895), con núm. rexistro entrada WEB2026024695 de data 27/03/2026.

Faise constar que ambos expedientes converxen e refírense ao mesmo investimento obxecto desta subvención.

## FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

### 1.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL)
- Bases de execución do vixente orzamento provincial
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación



## II.- CONSIDERACIÓN XURÍDICAS

### INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan + Provincia 2026-2027 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude e, en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

### PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

### RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivárase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª, 19ª, 20ª, 21ª, 22ª e 23ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan. A referida base 19ª establece que nos investimentos de carácter anual, o importe mínimo do orzamento e da solicitude de subvención será igual ou superior a 20.000,00 euros, agás no caso dos investimentos cofinanciados onde o importe da subvención solicitada pode ser inferior.
- Base 25ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027, que establece que os Concellos poderán destinar a cantidade asignada na liña 1 a financiar as achegas municipais de investimentos incluídos en plans, programas ou convenios desta Deputación ou doutras Administracións Públicas. Así



mesmo, cando un Concello destine crédito do Plan + Provincia 2026-2027 a financiar a súa achega económica a investimentos integrados noutros plans da Deputación, a subvención que se conceda rexeráse polas normas do plan que se está a cofinanciar, agás no referido aos prazos de execución e xustificación que se rexerán polo que contemple o máis restritivo.

- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2026, así como os criterios obxectivos de repartición.
- Bases 10ª e 29ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

### PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do xefe do servizo de Cooperación, de data 27/03/2026, que conclúe favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 22/04/2026, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao Concello de MOAÑA, CIF: P3602900G, ao abeiro do Plan +Provincia 2026-2027 , unha subvención por importe de 272.300,39 euros, para financiar a achega municipal ao investimento “MELLORA NO CAMPO DA GRANXA” (Achega III PEID) (expte 2026023270). O orzamento total da actuación ascende a 492.702,88 euros, quedando o financiamento do investimento proposto distribuído segundo se reflicte na seguinte táboa:

Orzamento- €	Fondos propios	Subvención -Plan + Provincia 2026-2027, anualidade 2026	Subvención- III PEID
492.702,88	23.950,14	272.300,39	196.452,35

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2026/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo. Non obstante, a eficacia da presente concesión queda condicionada á achega da autorización sectorial da entidade Augas de Galicia, do acordo (ou a resolución) de aprobación do proxecto técnico e da acta de trazado previo debidamente cumprimentada coa primeira xustificación da axuda económica.
- Consonte o disposto na base 25ª do Plan + Provincia 2026-2027, a licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do III PEID, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 5.8494 Do 30/09/2025 (BOPPO núm. 189 do 03/10/2025, dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.



- O investimento subvencionado deberá estar executado o 31/12/2027 e xustificado a 31/05/2028. O incumprimento desta obriga dará lugar á revogación da subvención.
- Darlle traslado do presente acordo ao Concello de Moaña, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

7.36988.- APROBACIÓN DOS LISTADOS DEFINITIVOS DE ENTIDADES ADMITIDAS E EXCLUÍDAS, XUNTO COAS CAUSAS DE EXCLUSIÓN, ASÍ COMO PROPOSTA DE CONCESIÓN ÁS 250 ENTIDADES BENEFICIARIAS E FORMACIÓN DE LISTA DE AGARDA DO PROGRAMA +CONVIVENCIA. (EXPTE. 2025079075)

- ANTECEDENTES

Primeiro. A Deputación de Pontevedra, a través do Servizo de Benestar Social, promove un ano máis o programa +Convivencia, cuxo obxectivo principal é fomentar a participación e a cooperación social mediante a creación de espazos de encontro e intercambio de experiencias, contribuíndo á mellora da calidade de vida e á inclusión social das persoas participantes.

Así mesmo, o programa presenta un impacto económico relevante, ao contribuír á desestacionalización da demanda de servizos asociados ás actividades desenvolvidas (entradas, transporte, axencias de viaxes, guías oficiais, seguros e restauración). Neste sentido, conséntase que unha parte significativa das actividades realizadas ao abeiro do programa no exercicio 2025 desenvolvéronse nos meses de abril, maio, xuño, setembro, outubro e novembro, xerando contratación de servizos fóra dos períodos de maior demanda.

Cómpre salientar a consolidación do programa no Servizo de Benestar Social, cunha traxectoria superior a vinte anos e unha elevada demanda sostida. No exercicio 2025 rexistráronse preto de 300 solicitudes, das cales se concederon un total de 233 ata o esgotamento do crédito orzamentario, acadándose unha participación de 14.995 persoas pertencentes a entidades de 56 concellos da provincia.

Segundo. A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na sesión ordinaria celebrada o 23 de xaneiro de 2026, aprobou as Bases reguladoras do programa “+ CONVIVENCIA” para o ano 2026 publicadas no BOPPO nº 28, de 11 de febreiro de 2026.

Terceiro. Poderán solicitar estas axudas as seguintes entidades:

- Asociacións, federacións ou confederacións e fundacións que figuren no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais (RUEPSS) da Xunta de Galicia como entidades de iniciativa social da provincia de Pontevedra.
- Asociacións ou federacións de maiores, de mulleres, veciñais e culturais non rexistradas na categoría anterior.
- Asociacións de nais e pais.



- Outras entidades non rexistradas nas categorías anteriores que desenvolvan actividades de iniciativa social e así figure nos seus estatutos.

Cuarto. Serán subvencionables os gastos derivados da realización de actividades incluídas no catálogo do programa +Convivencia (anexo I), executadas entre o 1 de abril e o 31 de decembro de 2026, e desenvolvidas no ámbito territorial da provincia de Pontevedra.

Consideraranse gastos subvencionables aqueles que respondan de maneira indubidable á natureza da actividade subvencionada, incluíndo, entre outros:

- Entradas ou similares.
- Medios de transporte (barco, autobús, etc.).
- Servizos de axencias de viaxes.
- Servizos de guías oficiais de Galicia.
- Seguros necesarios para o desenvolvemento da actividade.
- Servizos de restauración ou catering, cun límite máximo de 600,00 euros.

Quinto. A contía total destinada a esta convocatoria, con cargo á aplicación orzamentaria 26/231.2311.480.05 do Orzamento Xeral da Deputación para o ano 2026, ascende a 300.000,00 euros, constituíndo o límite máximo de obrigas a recoñecer.

A contía máxima da subvención por entidade será de 1.200,00 euros, condicionada ao esgotamento do crédito dispoñible. En todo caso, o importe final concedido axustarase aos gastos efectivamente xustificadas, sen que poida superar nin o límite máximo establecido nin o custo total da actividade.

Sexto. Rematado o prazo de presentación de solicitudes o 11 de marzo de 2026 e tramitados os 392 expedientes presentados, mediante Resolución Presidencial núm. RP2026002884, de data 13 de abril de 2026, aprobáronse as relacións provisionais de entidades admitidas e excluídas, incluíndo neste último caso as correspondentes causas de exclusión.

Con data 14 de abril de 2026, foi publicada a lista provisional de solicitudes admitidas, excluídas e desistencias do Programa + Convivencia para o exercicio 2026; as entidades tiveron un prazo de 5 días para formular alegacións tras considerarse necesario declarar a tramitación de urxencia, ao abeiro do artigo 33 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, tendo en conta que o inicio do programa estaba previsto para o 1 de abril de 2026.

Sétimo.- Rematado dito prazo e previa comprobación por parte da Intervención, se admite a alegación presentada por 11 das entidades propostas provisionalmente como excluídas, e se admite a desistencia á solicitude de tres entidades.

Oitavo. De conformidade co disposto na base 16.1, o procedemento de concesión realizarase en réxime de concorrência non competitiva entre as entidades que presenten solicitude en tempo e forma.



No caso de que o número de solicitudes supere o número de actividades dispoñibles, establecerase a seguinte orde de prelación:

1. Entidades inscritas no RUEPSS como entidades de iniciativa social.
2. Asociacións/federacións de maiores, mulleres, veciñais e culturais.
3. Asociacións de nais e pais.
4. Outras entidades de iniciativa social.

Dentro de cada grupo, a orde determinarase segundo a data de rexistro de entrada das solicitudes. Inicialmente cubrirase un máximo de 250 actividades, quedando o resto en lista de agarda.

Noveno. Efectuados os axustes derivados das alegacións, con data 23 de abril de 2026, a xefa do servizo de Benestar Social emite informe-proposta para a súa fiscalización, no que se inclúe: A relación definitiva das 374 solicitudes admitidas, 13 non admitidas coas causas de exclusión, e das 5 solicitudes desistidas: (CSV: 3DDEUNGOLZKKKV73), así como a relación das 250 entidades con concesión de subvención por importe de 300.000,00 euros, que consta de 250 expedientes, RELAC/2026000018 (CSV: LV2RKOJWR64IVFOJ), quedando 124 entidades en lista de agarda(CSV: AVYHTDDSSFXNTTY1).

Con data 24 de abril de 2026, Intervención emite informe favorable (CSV: PUYIV0WZTKBU96Z5).

Na aplicación orzamentaria 25/231.2311.480.05, do vixente Orzamento Provincial, existe crédito autorizado para facer fronte a este gasto (ARC nº 12026000022855).

De acordo co exposto, considerando que o órgano competente para a concesión das subvencións e disposición do gasto é a Xunta de Goberno, segundo o establecido na base décimo sexta da convocatoria, propónse a adopción do seguinte acordo:

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro. Aprobar a relación definitiva de solicitudes admitidas (374) e excluídas (13), con indicación das correspondentes causas de exclusión, así como das solicitudes desistidas (5), que consta no expediente co CSV: 3DDEUNGOLZKKKV73.

Segundo. Aprobar a relación de entidades ás que se lles concede a subvención (250), segundo consta no expediente co CSV: LV2RKOJWR64IVFOJ.

Terceiro Aprobar a relación de entidades que integran a lista de agarda (124), segundo consta no expediente co CSV: AVYHTDDSSFXNTTY1.

Cuarto. Dispoñer a publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e na páxina web da Deputación de Pontevedra das seguintes relacións:



- relación definitiva de entidades admitidas e excluídas, con indicación das causas de exclusión
- relación de entidades beneficiarias da subvención (250);
- relación de entidades en lista de agarda (124).

### RELACIÓN DEFINITIVA ENTIDADES ADMITIDAS

	DATA REXISTRO	TIPOLOXÍA ENTIDADE*	CIF	ENTIDADE	ESTADO
1	12/02/2026 00:08:42	G4	G94120623	ASOC.FRATERNIDAD SEGLAR MERCEDARIA DE LA ORDEN TERCERA DE POIO	Admitida
2	12/02/2026 00:11:52	G2	G36153344	ASOCIACIÓN BANDA DE MUSICA POPULAR DE TUI	Admitida
3	12/02/2026 00:13:10	G3	G36627966	ASOC DE NAIS E PAIS DE ALUMNOS/AS DOUTOR FLEMING	Admitida
4	12/02/2026 00:20:11	G2	G72715279	ASOCIACIÓN SOCIAL E CULTURAL GARATUZAS DE PILOÑO	Admitida
5	12/02/2026 07:49:01	G2	G36502839	ASOC DE VECIÑOS MINAS DA BREA	Admitida
6	12/02/2026 08:49:01	G2	G36613081	LICEO MARITIMO DE BOUZAS	Admitida
7	12/02/2026 09:32:26	G1	G15656762	ASOCIACIÓN PARA A PROMOCIÓN E INTEGRACIÓN DAS MULLERES GALEGAS DO RURAL AGRA	Admitida
8	12/02/2026 09:54:15	G1	G70101647	FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓN DE MULLERES RURAIS DE GALICIA	Admitida
9	12/02/2026 10:06:36	G1	G36632081	ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DE BEADE AVCU-CSCR	Admitida
10	12/02/2026 10:11:16	G2	G36574606	ASOC XUBILADOS E PENSIONISTAS SAN PEDRO DE AGOLADA	Admitida
11	12/02/2026 10:27:42	G4	G36014744	COFRADIA DE PESCADORES SAN MARTIN DE ELGROVE	Admitida
12	12/02/2026 11:26:03	G2	G36302867	ASOCIACIÓN DE MULLERES RURAIS ANDURIÑA DE ARCADE	Admitida
13	12/02/2026 11:40:06	G3	G36722825	APA DE ALUMNOS AMIEIRO DEL COLEGIO VISTA	Admitida
14	12/02/2026 11:46:25	G1	G27745397	FUNDACIÓN PARA LA PESCA Y EL MARISQUEO	Admitida
15	12/02/2026 11:49:18	G2	G36649374	ASOC DE VECIÑOS NOSA TERRA DE ALCABRE	Admitida



16	12/02/2026 12:45:51	G2	G36649325	ASOC DE VECIÑOS DE SAN PEDRO DE SARDOMA O CARBALLO	Admitida
17	12/02/2026 13:02:55	G2	G36617827	ASOCIACIÓN AMIGOS DE LOS PAZOS	Admitida
18	12/02/2026 13:56:19	G1	G36020691	ASOC PROV AMAS DE CASA Y CONSUMIDORES RIAS BAIXAS	Admitida
19	12/02/2026 16:05:11	G2	G72794902	ASOC CULTURAL DEPORTIVA RECREATIVA COLIBRI	Admitida
20	12/02/2026 16:03:58	G3	G36647410	APA COLEGIO PÚBLICO SANTA MARINA DE BECE	Admitida
21	12/02/2026 15:17:29	G2	G36062081	ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DE CHAPELA	Admitida
22	12/02/2026 19:40:51	G2	G36659894	ASOCIACIÓN DE VECIÑOS SAN ROQUE	Admitida
23	12/02/2026 21:45:33	G2	G21970363	O CACHUPEIRO DE PINTOS	Admitida
24	12/02/2026 19:54:38	G2	G36395325	ASOCIACIÓN CULTURAL DEPORTIVA CIDADELLE	Admitida
25	12/02/2026 15:13:11	G1	G36925691	ASOC GALLEGA CONTRA LAS ENFERMEDADES NEUROMUSCULARES ASEM GALICIA	Admitida
26	13/02/2026 10:45:54	G1	G36962447	ASOCIACIÓN PARKINSON DE VIGO	Admitida
27	13/02/2026 11:40:41	G2	G36173201	ASOC DE VECIÑOS O CASTRO DE OLIVES	Admitida
28	13/02/2026 12:48:47	G2	G36052843	ASOCIACIÓN DE FAMILIAS E MULLERES RURAIS DEZA	Admitida
29	13/02/2026 13:18:55	G2	G75497263	ASOCIACIÓN DE VECIÑOS E AMIGOS DE RIBELA	Admitida
30	13/02/2026 13:33:10	G1	G94079050	ASOCIACIÓN DE NENAS NENOS E XENTE NOVA CON DIABETES DE GALICIA	Admitida
31	13/02/2026 14:05:37	G2	G36621290	CASA DE ANDALUCIA EN VIGO	Admitida
32	13/02/2026 13:55:58	G3	G36148666	APA DO CEIP DO HIO CANGAS	Admitida
33	13/02/2026 14:43:58	G2	G36039287	CENTRO CULTURAL Y SOCIAL DE HERVILLE MOS	Admitida
34	13/02/2026 16:17:12	G3	G36732758	ANPA EMILIA PARDO BAZÁN O CHOUZO	Admitida
35	13/02/2026 17:18:16	G2	G36571297	ASOCIACIÓN DE ALUMNOS E EXALUMNOS SENIOR DA UNIVERSIDADE DE VIGO-CAMPUS DE PONTEVEDRA	Admitida



36	13/02/2026 17:21:55	G2	G36102663	ASOC RECREATIVA E CULTURAL DE GUIZAN	Admitida
37	13/02/2026 18:36:24	G3	G36149979	APA DEL COL NAL ARCADE DE ARRIBA- ARCADE	Admitida
38	13/02/2026 18:46:45	G3	G36183101	ANPA O PALOMAR DA EEI DO CON	Admitida
39	13/02/2026 20:34:41	G2	G36688992	ASOC MUJERES CABRAL ROSALIA DE CASTRO	Admitida
40	13/02/2026 22:22:47	G3	G36578722	ANPA O TOURAL	Admitida
41	14/02/2026 21:12:19	G2	G36842284	ASOC VECIÑOS PLAZA DA MIÑOCA	Admitida
42	15/02/2026 13:35:20	G2	G36899144	ASOC JUBIL,PREJUB Y PENS DE CAIXANOVA	Admitida
43	15/02/2026 17:01:20	G3	G36029924	ASOC DE NAIS E PAIS DIOMEDES	Admitida
44	15/02/2026 19:47:31	G1	G36391019	ASOC DE JUBILADOS Y PENSIONISTAS DE ARBO	Admitida
45	15/02/2026 20:05:54	G2	G94092764	ASOC VECIÑAL-CULTURAL CORTEGADA	Admitida
46	15/02/2026 20:57:53	G1	G94181351	ASOC DE VENEZOLANOS EN PONTEVEDRA	Admitida
47	16/02/2026 10:41:42	G1	G36264828	ASOC MULLERES RURAIS E CONSUMIDORAS A TELLEIRA DE DENA	Admitida
48	13/02/2026 14:50:33	G2	G36269280	AGRUPACIÓN CULTURAL XUNCO	Admitida
49	16/02/2026 11:44:49	G2	G36493591	ASOCIACIÓN CULTURAL O SON DOS CANTARES	Admitida
50	16/02/2026 12:24:28	G2	G36972800	AVOA-Asoc. Xubilados e Pensionistas	Admitida
51	16/02/2026 14:53:07	G1	G36861078	FUNDACIÓN ERGUETE-INTEGRACIÓN	Admitida
52	16/02/2026 16:57:02	G3	G36628030	APA COLEGIOS PÚBLICO Y PREESCOLAR VALLADARES IGLESIA DE VIGO	Admitida
53	16/02/2026 17:06:02	G3	G36703205	ASOC PAIS E NAIS DE ALUMNOS AS GAIANDAS DO I.E.S. AUGA DA LAXE	Admitida
54	16/02/2026 17:47:31	G2	G36040962	ASOCIACIÓN DE VECIÑOS AGRÍCOLA E CULTURAL SAN TOMÉ DE PARDERRUBIAS	Admitida
55	16/02/2026 18:09:21	G2	G36552560	ASOC DE VECIÑOS SAN CIBRAN DE RIBART	Admitida
56	16/02/2026 19:02:30	G3	G36120251	ASOC ANPA SAN MARTIÑO DE SALCEDO	Admitida



57	16/02/2026 19:09:11	G2	G36030195	ASOC DE VECIÑOS SAN ANDRES DE BARRANTES	Admitida
58	16/02/2026 20:06:25	G4	G36916328	ASOC MARINEROS DE ETEA Y DE LA ARMADA-MARINETEA	Admitida
59	16/02/2026 20:21:09	G3	G36724524	ASOCIACIÓN ANPA OUTEIRO DO SINO	Admitida
60	16/02/2026 20:26:43	G2	G44797066	ASOC MULLERES FEMINISTAS BERRA	Admitida
61	17/02/2026 00:27:54	G2	G67743179	ASOCIACIÓN CULTURAL CARNAVAL CERNADELA	Admitida
62	17/02/2026 10:33:29	G3	G36014611	ASOCIACIÓN DE NAIS E PAIS DE ALUMNOS DO CEIP PENA DE FRANCIA DE MOS	Admitida
63	17/02/2026 13:22:25	G3	G36867547	ASOCIACIÓN DE PAIS E NAIS DE ALUMNOS VIAL CUVI DO IES VALADARES	Admitida
64	17/02/2026 16:21:52	G1	G36368488	AFAMO	Admitida
65	17/02/2026 19:02:20	G3	G36011096	ANPA O PICOTO DA AGRUPACIÓN ESCOLAR CALVAR DOMAIO	Admitida
66	17/02/2026 23:28:50	G3	G36143428	ASOCIACIÓN DE NAIS E PAIS DO CEIP SAN CLEMENTE	Admitida
67	18/02/2026 10:05:09	G2	G36026151	CIRCULO ARTISTICO DEPORTIVO GATO NEGRO (VILAGARCIA)	Admitida
68	18/02/2026 12:39:25	G2	G94080942	ASOCIACIÓN CULTURAL MULLERES DO MAR DE POIO	Admitida
69	18/02/2026 13:06:15	G1	G42925594	ASOC DE MULLERES FEMINAS EN ACCIÓN	Admitida
70	18/02/2026 14:32:42	G1	G36519957	ASOC MULLERES RURAIS AS BUGINEIRAS NIGOI	Admitida
71	18/02/2026 17:37:15	G2	G36729796	ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DA FEIRA DE CABRAL	Admitida
72	18/02/2026 17:51:14	G4	G36630192	CLUB PEÑA TREVINCA MONTAÑEIRO DE GALICI	Admitida
73	18/02/2026 20:34:59	G2	G36558591	ASOCIACIÓN DE VECIÑAS E VECIÑOS DA PARROQUIA DE ORAZO	Admitida
74	18/02/2026 23:36:05	G1	G36341113	ASOCIACIÓN DE MAIORES DE PONTEAREAS	Admitida
75	18/02/2026 23:36:18	G3	G36136596	ASOCIACIÓN DE PAIS DE ALUMNOS ALECRIN CEIP DO FOXO	Admitida
76	19/02/2026 08:12:43	G2	G36582179	ASOC RECUPERACIÓN TRAXE GALEGO DA GUARDA	Admitida



77	19/02/2026 09:40:57	G3	G36735587	APA COLEGIO LABOR	Admitida
78	19/02/2026 10:53:36	G2	G36206357	ASOC. DE MULLERES RURAIS CASELAS	Admitida
79	19/02/2026 11:36:32	G2	G36523702	ASOC CULTURAL IRMANS BARCIA	Admitida
80	19/02/2026 12:38:11	G1	G36417251	FUNDACIÓN PAZO DE MOS	Admitida
81	19/02/2026 12:45:01	G4	G25901984	AIRE DE MAR CORALITA	Admitida
82	19/02/2026 13:26:39	G1	G36776920	ASOC DE FAMILIARES DE ENFERMOS DE ALZHEIMER Y OTRAS DEMENCIAS DE GALICIA	Admitida
83	19/02/2026 13:26:51	G3	G36709178	ANPA XOSE NEIRA VILAS	Admitida
84	19/02/2026 14:06:26	G2	G36260511	ASOC VECIÑOS DE PINTENS	Admitida
85	19/02/2026 14:49:08	G1	G36228054	ASOC MULLERES RURAIS OS BORRIZOS DE CORNAZO	Admitida
86	19/02/2026 16:35:39	G1	G36484616	AREVA (AL REH VILAG AROUSA)	Admitida
87	19/02/2026 17:53:07	G2	G28474898	UNION DE XUBILADOS E PENSIONISTAS DA UGT DE VIGO	Admitida
88	19/02/2026 17:56:15	G2	G36027928	ASOCIACIÓN AGRUPACIÓN MUSICAL DO ROSAL	Admitida
89	19/02/2026 17:59:58	G3	G36599181	AFA A FRACHA	Admitida
90	19/02/2026 19:10:56	G2	G36135754	ASOC DE VECIÑOS AGUSTIN ROMERO	Admitida
91	19/02/2026 20:11:16	G1	G36651073	ASOCIACIÓN VECIÑAL CULTURAL E DEPORTIVA DE CABRAL	Admitida
92	19/02/2026 21:25:48	G2	G36167146	ASOCIACIÓN DE VECIÑOS SAN JUAN DE MEAÑO	Admitida
93	19/02/2026 22:34:31	G2	G36146108	ASOCIACIÓN CENTRO SOCIAL CULTURAL E RECREATIVO DE CEDEIRA	Admitida
94	19/02/2026 23:07:49	G3	G36151173	ASOC O CASTRO-NAIS E PAIS ALUMNOS DO CEIP MESTRE MARTINEZ ALONSO	Admitida
95	20/02/2026 11:26:03	G3	G36138147	ASOC DE NAIS E PAIS DE ALUMNOS (ANPA BOLBORETA) DO CEIP DE CABANAS-SALCEDO	Admitida
96	20/02/2026 11:31:33	G3	G36131241	ANPA CON DE SETE PIAS CEIP.ENRIQUE BARREIRO DE VILARIÑO	Admitida



97	20/02/2026 12:28:41	G2	G36362994	ASOC DE VECIÑOS SANTA CRISTINA	Admitida
98	20/02/2026 12:31:27	G2	G36377448	ASOC MULLERES RURAIS AS ACEÑAS DE BAION	Admitida
99	20/02/2026 13:13:11	G2	G36145548	ASOC DE CONSUMIDORES E INICIATIVA SOCIAL DE AMAS DE CASA DE MARIN	Admitida
100	20/02/2026 13:38:02	G2	G36021434	ASOCIACIÓN DE VECIÑOS PE DA MUA	Admitida
101	20/02/2026 15:49:21	G2	G36353795	ASOC SAN SALVADOR	Admitida
102	20/02/2026 16:28:46	G1	G36475739	ASOCIACIÓN CLUB DE XUBILADOS E PENSIONISTAS SANTA EULALIA DE MEIRA	Admitida
103	20/02/2026 16:47:29	G2	G94184819	ASOC CULTURAL E DEPORTIVA A GUIA	Admitida
104	20/02/2026 20:51:18	G2	G94157021	ASOC CULTURAL E RECREATIVA FIOYE2	Admitida
105	22/02/2026 08:52:02	G2	G55395883	ASOC CULTURAL DE COMISION DE FESTAS DE LUNEDA	Admitida
106	22/02/2026 18:35:52	G1	G36187524	ASC MULLERES RURAIS CONSUMIDORAS E CULTURALES 'ALBOR' DE VALGA	Admitida
107	22/02/2026 19:39:28	G2	G36121713	ASOC.CULTURAL VEIRA DO RIO DE PONTESAMPAIO	Admitida
108	22/02/2026 19:49:33	G2	G36121648	ASOC DE VECIÑOS HEROES DE PONTESAMPAIO	Admitida
109	22/02/2026 20:07:08	G2	G36210383	ASOCIACIÓN CULTURAL A FORNA	Admitida
110	22/02/2026 22:07:17	G2	G27789536	ASOC PRO-ESCOLA SEMENTE VIGO	Admitida
111	23/02/2026 10:18:51	G2	G36379188	ASOCIACIÓN DE MULLERES RURAIS CITANIA	Admitida
112	23/02/2026 11:35:03	G2	G36390284	ASOCIACIÓN DE MULLERES POZA DA MOURA - DOMAIO	Admitida
113	23/02/2026 11:37:21	G2	G36196913	ASOC DE VECIÑOS SAN GREGORIO DE GUILLADE	Admitida
114	23/02/2026 12:17:49	G2	G36582278	ASOCIACIÓN VECIÑAL MANDUAS	Admitida
115	23/02/2026 13:09:06	G2	G36253854	ASOC DE VECIÑOS PENELAS DE AGUASANTAS-COTOBADE	Admitida
116	23/02/2026 13:28:27	G2	G36145290	ASOC VECIÑAL SOCIO-CULTURAL E DEPORTIVA SANTA EUGENIA DE MOUGAS - OIA	Admitida
117	23/02/2026 13:30:11	G2	G36432656	ASOC P. A OLIVERA DE LEIRO DE RIBADUMIA	Admitida



118	23/02/2026 16:15:54	G3	G36635860	APA DEL COLEGIO MARIANO DE LAS MM FRANCISCANAS	Admitida
119	23/02/2026 18:46:22	G1	G36459931	ASOC MULLERES ARELA DE SAXAMONDE	Admitida
120	23/02/2026 20:35:02	G2	G56833718	ASOC CULTURAL FESTA DOS CALLOS	Admitida
121	23/02/2026 23:54:54	G3	G36149664	ASOCIACIÓN DE MADRES Y PADRES DE ALUMNOS DEL COLEGIO SAN FERMIN DE CALDAS DE REIS	Admitida
122	23/02/2026 21:03:52	G2	G94051042	ASOCIACIÓN CULTURAL E MUSICAL GAITEIROS DA PEREIRIÑA	Admitida
123	24/02/2026 00:03:09	G2	G36580710	ASOC CULTURAL XERACIÓN NOS DE BORRAXEIROS	Admitida
124	24/02/2026 07:33:52	G2	G36317659	ASOC DE VECIÑOS SANTA APOLONIA DE GUIMAREI	Admitida
125	24/02/2026 12:18:44	G1	G36617082	ASOCIACIÓN CENTRO CULTURAL ARTISTICO E RECREATIVO VALLADARES	Admitida
126	24/02/2026 12:38:01	G1	G72900699	ASOCIACIÓN PEQUES AZULES	Admitida
127	24/02/2026 12:47:30	G1	G36012128	ASOCIACIÓN JUAN XXIII	Admitida
128	24/02/2026 13:22:42	G1	G36021970	ACEESCA ASOC APOYO PERSONAS CON DIV INTE	Admitida
129	24/02/2026 13:52:23	G3	G36040103	ASOC DE NAIS E PAIS QUINSA DO COLEXIO PÚBLICO DE QUINTELA (REDONDELA)	Admitida
130	24/02/2026 14:01:03	G1	G36622835	ASOCIACIÓN DE PERSONAS SORDAS DE VIGO	Admitida
131	24/02/2026 17:29:29	G2	G36806222	ASOC DA III IDADE NEVOX	Admitida
132	24/02/2026 17:36:14	G1	G36755254	ASOC DE XUBILADOS E PENSIONISTAS ALFONSO DANIEL CASTELAO	Admitida
133	24/02/2026 18:03:10	G2	G36461648	ASOCIACIÓN AMAS DE CASA MUIÑOS DO VENTO	Admitida
134	24/02/2026 18:23:07	G1	G36837433	ASOCIACIÓN MULLERES PEDRA DA VELLA	Admitida
135	24/02/2026 18:24:13	G2	G36623593	ASOCIACIÓN DE VECIÑOS MONTE DA MINA DE CASTRELOS	Admitida
136	24/02/2026 21:21:42	G2	G94098282	ASOC. CULTURAL E VECIÑAL AXOUXERE DE FIESTRAS	Admitida
137	24/02/2026 21:28:40	G2	G36530350	ASOC. MM. RR. DE FONTECARMOA	Admitida



138	25/02/2026 13:16:04	G2	G36691855	ASOC VECIÑAL CULTURAL E RECREATIVA SAN MAMEDE DE ZAMANS	Admitida
139	25/02/2026 13:31:57	G2	G36033371	CASA CULTURAL ARTISTICA Y DEPORTIVA DE AREAS PUENTEAREAS	Admitida
140	25/02/2026 15:16:21	G1	G36119253	ASOCIACIÓN LAR PRO SALUD MENTAL DE FAMILIARES, AMIGOS Y ENFERMOS MENTALES	Admitida
141	25/02/2026 15:18:01	G2	G44714590	ASOC CS A PEDREIRA	Admitida
142	25/02/2026 16:42:57	G3	G36181162	ANPA SESTELO BAION	Admitida
143	25/02/2026 18:02:46	G2	G36015451	CIRCULO CULTURAL RECREATIVO DE CHAPELA	Admitida
144	25/02/2026 23:19:05	G1	G36454163	ASOC DE MULLERES RURAIS DE LOÑO	Admitida
145	25/02/2026 23:43:00	G3	G36621704	APA COLEGIO PÚBLICO TEIS PARAIXAL OS UNICOS	Admitida
146	25/02/2026 22:44:13	G2	G04965679	ASOCIACIÓN AS DA BOUZA	Admitida
147	26/02/2026 09:04:59	G1	G36627453	ASOCIACIÓN VIGUESA DE ALCOHOLOGIA ASVIDAL	Admitida
148	26/02/2026 09:28:48	G3	G36158731	ANPA ALONGA DE CEIP AREALONGA	Admitida
149	26/02/2026 11:29:14	G1	G36457745	ASOC CORAL ROSALIA DE CASTRO	Admitida
150	26/02/2026 13:28:46	G1	G36547479	ASOC MULLERES RURAIS SANTA LUCIA DE ARCO	Admitida
151	26/02/2026 17:34:31	G1	G94036985	ASOC FIBROMIÑO - LA GUARDIA	Admitida
152	26/02/2026 18:49:15	G3	G67690529	A.N.P.A. AQUAM LATAM DO C.E.I.P. DE AGOLADA	Admitida
153	26/02/2026 19:31:51	G2	G36348662	ASOCIACIÓN DE MULLERES ESCOLA VELLA DE O HIO	Admitida
154	26/02/2026 20:53:14	G2	G56610249	ASOCIACIÓN AS MULLERES DE TROÁNS	Admitida
155	26/02/2026 21:19:01	G1	G15496607	ATEGAL	Admitida
156	26/02/2026 21:45:07	G3	G36622272	APA DEL COLEGIO ANDERSEN	Admitida
157	26/02/2026 22:26:11	G2	G36016640	CENTRO CULTURAL LA FERIA	Admitida
158	26/02/2026 22:35:24	G3	G36752673	ASOC DE PADRES C.P. EL ROSARIO	Admitida



159	26/02/2026 22:58:23	G3	G27780055	AMPA EN EL CENTRO DOCENTE DIVINO SALVADOR DE VIGO	Admitida
160	26/02/2026 14:31:10	G1	G36124279	ASOC ERGUETE DE PREV EDUCACIÓN	Admitida
161	27/02/2026 10:29:40	G3	G36411320	ASOC DE PAIS E NAIS ANDURIÑA	Admitida
162	27/02/2026 11:38:02	G3	G36274231	APA VIRGEN DE LA ROCHA	Admitida
163	27/02/2026 12:57:35	G3	G36052223	APA INFESTA DEL CPI INFESTA DE PONTECESURES	Admitida
164	27/02/2026 13:09:22	G2	G36648319	CENTRO CULTURAL Y DEPORTIVO BOLOS DA CARRASCA	Admitida
165	27/02/2026 13:38:30	G1	G36938272	ASOC NIÑOS CON HIPERACTIVIDAD Y DEFICIT DE ATENCIÓN ANHIDA	Admitida
166	27/02/2026 13:49:46	G2	G94133865	ASOCIACIÓN CULTURAL REIRIZ 2016 A QUEIMADA	Admitida
55	2026014688	G3	04/03/2026	G36801579	ASOCIACIÓN DE NAIS E PAIS DE ALUMNOS DO CEP SABARIS
56	2026014692	G3	04/03/2026	G36822682	FEDERACIÓN ASOC NAIS E PAIS DE ALUMNAS/OS DO VAL MIÑOR



57	2026014695	G3	04/03/2026	G36368140	ASOC PAIS E NAIS ALUMNOS XUNTANZA
58	2026014696	G3	04/03/2026	G36705317	ANPA DE VILARIÑO
59	2026014831	G3	05/03/2026	G36145324	ASOC DE PAIS E NAIS DE ALUMNOS DE CEIP MAGALANS DE DORRON
60	2026014832	G3	05/03/2026	G36681856	APA DEL COLEGIO PÚBLICO DE FONTES-BAHIÑA
61	2026014843	G3	05/03/2026	G36729267	APA DEL COLEGIO NACIONAL CARRASQUEIRA CORUXO
62	2026015442	G3	05/03/2026	G36192508	ANPA SANXUVITE DE TENORIO
63	2026015455	G3	05/03/2026	G36628022	ANPA SANTA MARINA COLEXIO PÚBLICO SERRA VINCIOS
64	2026015458	G3	05/03/2026	G36755676	ASOC DE PADRES ALUMNOS COL SAN JOSE DE CLUNY
65	2026015467	G3	05/03/2026	G36618742	ASOC DE PAIS DE ALUMNOS LAMEIRA DO COLEXIO PÚBLICO JOSEFA ALONSO DE ALONSO
66	2026015479	G3	05/03/2026	G36978955	ASOC DE NAIS E PAIS COLEXIO INFANTIL O AREAL
67	2026015480	G3	05/03/2026	G36049609	ASOCIACIÓN DE NAIS E PAIS DE ALUMNOS DO COLEXIO DE EDUCACIÓN PRIMARIA CARLOS CASARES
68	2026015487	G3	05/03/2026	G36803799	AFA SOUTO DONAS
69	2026015490	G3	06/03/2026	G36012532	ASOC DE NAIS E PAIS DE ALUMNOS RIO LEREZ
70	2026015552	G3	06/03/2026	G36777605	ASOC.ANPA ALBORES CEIP HUMBERTO JUANES
71	2026015615	G3	06/03/2026	G36629152	ASOC.NAIS E PAIS DE ALUMNOS DO CEIP RIA DE VIGO
72	2026015619	G3	06/03/2026	G36116226	ASOCIACIÓN PAIS E NAIS DE ALUMNOS CAL DO VERGAZO
73	2026015620	G3	07/03/2026	G36153393	APA COL NAL EGB SANTA MARIA DE OIA
74	2026015625	G3	08/03/2026	G36682292	ASOC DE PADRES DEL COLEGIO JAVIER SENSAT
75	2026015626	G3	08/03/2026	G36879120	A.N.P.A. COVATERREÑA
76	2026015628	G3	08/03/2026	G36161255	ANPA FONTE DE PESO
77	2026015629	G3	08/03/2026	G36179547	ASOC DE NAIS E PAIS DO CEIP ROSALIA DE CASTRO DE CARRIL
78	2026016247	G3	09/03/2026	G36289213	EEI VENTOSELA
79	2026016911	G3	09/03/2026	G36113215	AFA ALUMNOS VERDUXO
80	2026016912	G3	09/03/2026	G36717700	ANPA DO C.E.I. P ESCULTOR ACUÑA
81	2026016932	G3	09/03/2026	G36119030	ANPA DEL COLEGIO PÚBLICO DE CRUZ BUDIÑO PORRIÑO



82	2026016933	G3	09/03/2026	G36037166	ANPA DO COLEXIO PÚBLICO DE CEDEIRA
83	2026016972	G3	10/03/2026	G36061513	ASOCIACIÓN A TOXA ANPA DO CEIP AS COVAS
84	2026017002	G3	10/03/2026	G36144137	ASOCIACIÓN DE NAIS E PAIS ALBORADA DO CENTRO DE EDUCACIÓN CPI RIBEIRA DE TORNEIROS
85	2026017004	G3	10/03/2026	G36112092	ANPA FORNOBEDO
86	2026017037	G3	10/03/2026	G36782373	A.P.A. A BARXA
87	2026017049	G3	10/03/2026	G27772490	AFA SÁRDOMA MOLEDO DO CEIP SÁRDOMA MOLEDO
88	2026017065	G3	10/03/2026	G36631158	ANPA CASTELAO
89	2026017056	G3	10/03/2026	G36122877	APA DEL COLEGIO PÚBLICO AS BIZOCAS -EL GROVE
90	2026017059	G3	10/03/2026	G36643500	A.N.P.A DO C.E.I.P PARROCO DON CAMILO
91	2026017051	G3	10/03/2026	G36643385	ASOCIACIÓN DE NAIS E PAIS O LECER COLEXIO PÚBLICO CHANS DE BEMBRIVE-VIGO
92	2026017050	G3	10/03/2026	G36035921	ASOC ANPA CHANS DE RANDUFE
93	2026017052	G3	10/03/2026	G36714723	ANPA MAGNOLIA VILALaura
94	2026017061	G3	10/03/2026	G36141000	ASOCIACIÓN DE NAIS E PAIS DE ALUMNOS O GALO DO COLEXIO PÚBLICO BARCELOS
95	2026017062	G3	10/03/2026	G36145209	ASOC DE NAIS E PAIS DE ALUMNOS DO COLEXIO PÚBLICO A ESCARDIA
96	2026017063	G3	10/03/2026	G36538858	ASOC DE NAIS E PAIS SAN PEDRO DE CESANTES
97	2026017064	G3	11/03/2026	G36159309	APA DEL COLEGIO VIRGEN MILAGROSA DE BUEU
98	2026017551	G3	11/03/2026	G36616779	ANPA DO COLEXIO PÚBLICO MESTRES GOLDAR C
99	2026017563	G3	11/03/2026	G36123057	ANPA AIDON COLEGIO PÚBLICO SEQUELO DE MARIN
100	2026017569	G3	11/03/2026	G36862639	ASOCIACIÓN DE MADRES Y PADRES DE ALUMNOS DEL COLEGIO HERNAN CORTES
101	2026017574	G3	11/03/2026	G36192656	ANPA O LOUREIRO
102	2026017666	G3	11/03/2026	G36812824	ASOCIACIÓN COLEXIO PÚBLICO VALLE-INCLAN
103	2026017719	G3	11/03/2026	G36056448	ANPA O CRUCEIRO DE VILALONGA
104	2026017738	G3	11/03/2026	G36351823	ANPA DR. FLEMING
105	2026017743	G3	11/03/2026	G36023042	ANPA PARDO BAZAN
106	2026017747	G3	11/03/2026	G36717999	ANPA O CRUCEIRO DO CEIP ILLAS CIES



107	2026017748	G3	11/03/2026	G36142016	A.N.P.A. A MONTESIÑA COLEGIO SANTIAGO APOSTOL-SOUTOMAIOR
108	2026017750	G3	11/03/2026	G36716298	ASOCIACIÓN DE NAIS E PAIS DE ALUMNOS DA EEI MONTE DA GUÍA
109	2026017751	G3	11/03/2026	G36394070	ANPA PEQUEVAL
110	2026017754	G3	11/03/2026	G36127868	ASOCIACIÓN DE PAIS E NAIS A OLIVEIRA-O PORRIÑO
111	2026017755	G3	11/03/2026	G36187383	APA SAN MIGUEL PEDRO ANTONIO CERVIÑO-O CAMPOLAMEIRO
112	2026007396	G4	12/02/2026	G94120623	ASOC.FRATERNIDAD SEGLAR MERCEDARIA DE LA ORDEN TERCERA DE POIO
113	2026007426	G4	12/02/2026	G36014744	COFRADIA DE PESCADORES SAN MARTIN DE ELGROVE
114	2026008290	G4	16/02/2026	G36916328	ASOC MARINEROS DE ETEA Y DE LA ARMADA-MARINETEA
115	2026008611	G4	17/02/2026	G70670989	COFRADIA ORDEN DE LA CIGALA
116	2026008622	G4	18/02/2026	G36630192	CLUB PEÑA TREVINCA MONTAÑEIRO DE GALICI
117	2026008804	G4	19/02/2026	G25901984	AIRE DE MAR CORALITA
118	2026012804	G4	02/03/2026	G36187946	CULTURAL DEPORTIVA PORTAS
119	2026013585	G4	03/03/2026	G36598696	Asociación de Festas do Carmen de Soutoxusto
120	2026014691	G4	04/03/2026	G94008455	FEDERACIÓN VENEZOLANA DE GALICIA
121	2026016250	G4	09/03/2026	G36035293	CLUB CICLISTA PONTEAREAS
122	2026016376	G4	09/03/2026	G36551828	FUNDACIÓN PARA DISCAPACIDADE E EMPREGO JUAN XXIII
123	2026017011	G4	10/03/2026	G36928893	ASOC COMISION DE FESTAS DA MAGDALENA
124	2026017752	G4	11/03/2026	G94147352	ASOC DE DESENVOLVEMENTO SOCIAL RULIÑAS

#### \*TIPOLOXÍA DE ENTIDADE

- G1.- Asociacións, federacións ou confederacións e fundacións que figuren no RUEPSS da Xunta de Galicia como entidades de iniciativa social da provincia de Pontevedra.
- G2.- Asociacións/federacións de maiores, de mulleres, veciñais e culturais non rexistradas na categoría anterior.
- G3.-Asociacións de nais e país.
- G4.-Outras entidades non rexistradas nas categorías anteriores que desenvolvan actividades de iniciativa social e así figure nos seus estatutos.



8.36989.- APROBACIÓN DO PROXECTO DE OBRAS "MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA, REFORZO DO FIRME E EXECUCIÓN DE CUNETAS NA E.P. 5001 A FRANQUEIRA-CEBREIRO. CONCELLO DE A CANIZA" (EXPTE. 2025071503)

Resultando.- Que de acordo coa Lei 7/85, de 2 de abril, de bases de réxime local a prestación de servizos de carácter supramunicipal e supracomarcal é unha das competencias propias das deputacións. A salvagarda do servizo público viario e a mellora da seguridade viaria é o eixo principal das competencias da Deputación de Pontevedra en materia de infraestruturas e mobilidade. O artigo 9.2 da Lei 8/2013, de 28 de xuño, de estradas de Galicia (en diante LEG) establece que a administración titular da estrada é responsable do servizo público viario.

Resultando.- Que a rede provincial de estradas con aproximadamente 1.700 quilómetros de lonxitude total, atópase na estrutura viaria global por detrás das estradas de competencia estatal e da Xunta de Galicia. No desenvolvemento da súa competencia, a Deputación presentou en xaneiro de 2016 o seu Decálogo de Criterios para as novas actuacións nas vías provinciais co fin de actuar acorde coas demandas urbanísticas, ambientais e sociais, de máximo respecto ao territorio e ao patrimonio construído aumentando a seguridade viaria en toda a rede de estradas da provincia.

Resultando.- Que a estrada E.P. 5001 A Franqueira-Cebreiro que percorre o termo municipal de A Caniza pertence á rede provincial de estradas da Deputación de Pontevedra, cunha lonxitude de 2.710 metros. Logo da inspección realizada polo persoal do servizo técnico de Infraestruturas e Vías Provinciais, constatouse que na devandita estrada resulta necesario proceder ao reforzo do firme e a execución de cunetas entre os p.q. 0+000 ao p.q. 2+710, a fin de salvagardar a debida prestación do servizo público viario e de mellorar a seguridade viaria.

Sendo necesario definir de forma clara e precisa o obxecto do contrato, redactouse pola enxeñeira María Elena Pérez Alonso, adscrita ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, o proxecto de execución da obra “Mellora da seguridade viaria, reforzo do firme e execución de cunetas na E.P. 5001 A Franqueira-Cebreiro. Concello de A Caniza”, cun orzamento base de licitación de o proxecto de 270.076,15 € IVE Incluído. A este proxecto asinóuselle o código CSV: 1IHFGB0A1MT0YMFR

Na súa consecuencia recibíuse no Servizo de Contratación providencia da Deputada Delegada de Infraestruturas Públicas e Mobilidade, solicitando iniciar a tramitación do expediente para adxudicar o contrato de obras “Mellora da seguridade viaria, reforzo do firme e execución de cunetas na E.P. 5001 A Franqueira-Cebreiro. Concello de A Caniza”.

Resultando.- Que pola Intervención emitiuse documento RC número 12026000011130 por importe de 270.076,15 € con cargo á aplicación orzamentaria 26.456.4530.612.01.2025 do vixente orzamento provincial. Resultando.- Que consta no expediente informe de fiscalización do proxecto favorable CSV: 0QXPN115PR1DZCX7.



Considerando.- Que a esixencia de informe de supervisión non é preceptiva dado que non se superan os límites establecidos no art. 235 da LCSP e as actuacións non afectan á estabilidade, seguridade ou estanquidade da obra.

Considerando.- Que de acordo coa clasificación establecida no artigo 232 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP), as obras do presente proxecto inclúense no grupo c) Obras de conservación e mantemento ao tratarse dunha obra de renovación do firme e as reparacións necesarias nel son consecuencia do natural ou normal uso das estradas.

Considerando.- Que polo carácter e ámbito das obras, que delimitáanse exclusivamente a plataforma da estrada, no dominio público viario titularidade desta Deputación, unicamente a nivel superficial, mellorando a drenaxe e pavimentación do firme existente en un viario completamente consolidado non se fan necesarias autorizacións derivadas da normativa sectorial aplicable, consonte o artigo 20 Informes sectoriais da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia.

Considerando.- Que o artigo 231 da LCSP establece que: "...a adxudicación dun contrato de obras requirirá a previa elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto que definirá con precisión o obxecto do contrato. A aprobación do proxecto corresponderá ó órgano de contratación..."

Considerando.- Todo o recollido no Título I, Capítulo I, sección 1ª da LCSP, referente ás actuacións preparatorias do contrato de obras.

Considerando.- Que a disposición adicional segunda da LCSP no seu apartado 1, faculta ó Presidente para actuar como órgano de contratación, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª. 2 a) onde figura que lle compete á Xunta de Goberno autorizar e comprometer os gastos precisos para contratación que sendo competencia da Presidencia, superen para o contrato de obras un valor estimado de douscentos mil euros.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar o proxecto de execución da obra "Mellora da seguridade viaria, reforzo do firme e execución de cunetas na E.P. 5001 A Franqueira-Cebreiro. (Concello de A Caniza)", redactado pola enxeñeira María Elena Pérez Alonso, adscrita ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provincia, cun orzamento base de licitación de o proxecto de 270.076,15 € IVE Incluído. A este proxecto asinóuselle o código CSV: 1IHFGB0A1MT0YMFR.



9.36990.- APROBACIÓN DE EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN, MEDIANTE PROCEDIMIENTO ABERTO, DO CONTRATO DE OBRAS "MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA DO CENTRO INFANTIL, ESCOLA INFANTIL E ASOCIACIÓN ALBA DO CENTRO PRÍNCIPE FELIPE". (EXPTE. 2024083408)

Resultando.- Que entre os distintos equipamentos que conforman o Centro Príncipe Felipe (CPF), atópase o edificio denominado Centro Infantil, que alberga diferentes dependencias como son: o Centro Infantil propiamente dito, un centro de acollemento destinado a menores de 0-8 anos; a Escola Infantil 0-3 anos Príncipe Felipe e o local social da Asociación Alba, así como, diversos servizos transversais da CPF tales como a cociña e o comedor xeral ou a enfermería.

Resultando.- Que o edificio en cuestión, cunha superficie construída superior a 7.500 m<sup>2</sup>, foi executado na década de 1970 seguindo criterios arquitectónicos e construtivos propios da época. Como consecuencia, presenta prestacións térmicas moi limitadas, solucións de accesibilidade insuficientes e un notable grao de degradación derivado do envellecemento dos materiais e da exposición continuada aos axentes ambientais.

Resultando.- Que o conxunto destas deficiencias impide alcanzar condicións óptimas de habitabilidade, salubridade e confort, comprometendo o adecuado desenvolvemento das actividades asociadas aos servizos que se prestan no edificio. Iso maniféstase en frecuentes problemas de humidades, perda de confort térmico e un elevado consumo enerxético, motivado polas carencias da envolvente térmica actual.

Resultando.- Que así mesmo, o edificio non conta na actualidade con ningún acceso ao edificio que reúna criterios de accesibilidade universal e presenta un sistema de iluminación con tecnoloxías desfasadas, que implican un elevado gasto, tanto enerxético como de mantemento. A idoneidade desta contratación fundaméntase na Lei 2/2016, 10 de febreiro, do solo de Galicia, artigo 135, referente aos deberes de uso, conservación e rehabilitación das construcións, edificios e instalacións.

Resultando.- Que en consecuencia, as necesidades a satisfacer coas obras proxectadas están relacionadas coa procura da mellora da eficiencia enerxética do edificio, así como das condicións de conservación, salubridade, accesibilidade e seguridade de utilización da mesma.

Resultando.- Que sendo necesario definir de forma clara e precisa o obxecto do contrato, redactouse polos arquitectos Francisco Freire García e Víctor Vázquez Fernández, adscritos á empresa Freire y Vázquez asociados, S.L.P., o proxecto de execución da obra “Mellora da eficiencia enerxética do Centro Infantil, Escola Infantil e Asociación Alba do CPF”, cun orzamento base de licitación de 3.570.507,07 IVE Incluído. A este proxecto asinóuselle o código CSV: ZWMANBV1KPT2F48T.

Resultando.- Que na súa consecuencia recibíuse no Servizo de Contratación providencia da Deputada Delegada de Infraestruturas Públicas e Mobilidade, solicitando iniciar a tramitación do expediente para adxudicar o contrato de obras “Mellora da eficiencia enerxética do Centro Infantil, Escola Infantil e Asociación Alba do CPF”.



Resultando.- Que nas aplicacións orzamentarias 26/232.2312.632.03.2023, 26/232.2312.632.03.2024 e 26/232.2312.632.03.2025, dentro do proxecto de gasto nº 2023061342, existe crédito adecuado e suficiente para facer fronte a este gasto, a cuxo efecto emitíronse os documentos RC nº 12026000013280, 12026000011239 e 12026000011134, por importe de 384.107,15 €, 414.793,75 € e 2.771.606,17 €, respectivamente.

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 13/03/2026 acordou aprobar o proxecto de execución da obra “Mellora da eficiencia enerxética do Centro Infantil, Escola Infantil e Asociación Alba do CPF”, redactado polos arquitectos Francisco Freire García e Víctor Vázquez Fernández, adscritos á empresa Freire y Vázquez asociados, S.L.P, cun orzamento base de licitación de 3.570.507,07 IVE engadido. A este proxecto asinóuselle o código CSV: ZWMANBV1KPT2F48T.

Resultando.- Que consta no expediente acta de replanteo previo e memoria xustificativa emitida polo xefe do Servizo de Contratación, no que manifesta en relación co procedemento a seguir para esta contratación, que o procedemento de adxudicación debe de ser o procedemento aberto simplificado recollido no artigo 159.1 da LCSP, en relación co 131.2 do mesmo texto legal.

Resultando.- Que consta no expediente con CSV: JM0LGGJ1EPBTG8QS, informe xurídico emitido polo Secretario Xeral da Deputación.

Resultando.- Que consta no expediente con CSV: 006VZNCVNCODVIDS, informe de fiscalización do expediente, no que se recolle o seguinte: “...1.-Na cláusula 9.1 do apartado I. “Cláusulas particulares” do prego de cláusulas económico administrativas particulares recóllense varios criterios avaliábeis mediante un xuízo de valor. A este respecto sinalar que, sempre e cando sexa posible, deben primar os criterios obxectivos e dar preponderancia a aqueles que fagan referencia a características do obxecto do contrato que se poidan valorar mediante cifras ou porcentaxes obtidos mediante a mera aplicación das fórmulas establecidas nos pregos, de acordo co recollido no artigo 146.2 da LCSP. Nos criterios avaliábeis mediante un xuízo de valor, en xeral, debe estar perfectamente definido que é o que se vai a valorar coa maior concreción posible, de xeito que se facilite o seu coñecemento ás empresas licitadoras e que estas poidan presentar así a súa mellor oferta e, ó mesmo tempo, reducir unha posible discrecionalidade na súa valoración. Neste caso, a pesares de que os citados criterios veñen ponderados no prego, no informe técnico de valoración das ofertas, deben recollese de forma clara as razóns nas que se fundamentan as puntuacións acadadas por cada licitador, sen que se poidan incluír aspectos que non figuren recollidos previamente no prego de cláusulas económico administrativas particulares dentro de cada criterio/ subcriterio. CONCLUSIÓN Polo exposto, coas observacións e recomendacións postas de manifesto, infórmase favorablemente o expediente, non obstante, a adxudicación do contrato debe quedar condicionada á concesión polo concello de Pontevedra da prórroga da licenza urbanística solicitada...”

Considerando.- Que o artigo 116.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público, (en diante LCSP), establece que: “A celebración dos contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade do contrato (...), e que deberá ser publicado no perfil de contratante”

Considerando.- Todo o recollido nas normas do procedemento establecidas nas Seccións 1ª e 2ª, do Capítulo I, do Título I do Libro Segundo da LCSP.



Considerando.- Que o artigo 117.1 do mesmo texto legal recolle que “Completado o expediente de contratación, dítase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto(...). Esta resolución deberá ser obxecto de publicación no perfil do contratante.”

Considerando.- Que o artigo 122.1 da LCSP establece que: “Os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente con ela, e sempre antes da licitación do contrato...”

Considerando.- Que o artigo 131.2 da LCSP establece que: “ A adxudicación realizarase, ordinariamente (...) utilizando o procedemento aberto...”

Considerando.- Que a disposición adicional segunda da LCSP no seu apartado 1, faculta ó Presidente para actuar como órgano de contratación, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª. 2 a) onde figura que lle compete á Xunta de Goberno autorizar e comprometer os gastos precisos para contratación que sendo competencia da Presidencia, superen para o contrato de obras o importe de douscentos mil euros.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aprobar o expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto do contrato de obras *“Mellora da eficiencia enerxética do Centro Infantil, Escola Infantil e Asociación Alba do CPF”* cun orzamento base de licitación de 3.570.5007,07 € IVE engadido de acordo co seguinte detalle:

Importe.....	2.950.832,29 €
IVE (21%).....	619.674,78 €
Importe Total.....	3.570.507,07 €

2. Aprobar o prego de cláusulas económico-administrativas particulares ó que se lle asignou un código (CSV): 30F57T5N7NBWHO1M, e de prescricións técnicas con código (CSV) ZWMANBV1KPT2F48T, que rexerán neste procedemento.
3. Autorizar o gasto por importe de 3.570.507,07 €, con cargo ás aplicacións orzamentarias 26/232.2312.632.03.2023, 26/232.2312.632.03.2024 e 26/232.2312.632.03.2025 do vixente orzamento provincial.
4. Iniciar o procedemento de adxudicación do presente contrato indicando que o prazo de presentación das ofertas, rematará ás 10:00 horas do día seguinte ó transcurso do seguinte prazo: 26 días a contar dende o día seguinte da publicación do anuncio de licitación no Perfil do Contratante.



A adxudicación do contrato debe quedar condicionada á concesión polo concello de Pontevedra da prórroga da licencia urbanística solicitada.

10.36991.- APROBACIÓN DA SEGUNDA PRÓRROGA DO CONTRATO FORMALIZADO COA EMPRESA GAS NATURAL COMERCIALIZADORA, S.A., PARA A SUBMINISTRACIÓN DE ENERXÍA ELÉCTRICA EN ALTA E BAIXA TENSIÓN PARA OS CENTROS, EDIFICIOS E INSTALACIÓNS DEPENDENTES DA DEPUTACIÓN. (EXPTE. 2023021435)

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria do día 12 de abril de 2024, acordou adxudicar o contrato relativo á “*Subministración de enerxía eléctrica en alta e baixa tensión para os centros, edificios e instalacións dependentes da Deputación de Pontevedra*” á empresa Gas Natural Comercializadora SA (NIF: A61797536) polos prezos e valores ofertados conforme o reflexado no citado acordo.

Resultando.- Que o contrato formalizouse en documento administrativo de data 15 de maio de 2024, sendo o prazo de duración dun ano, a contar dende a data de inicio da subministración pola comercializadora adxudicataria.

Resultando.- Que mediante escrito presentado a través da Sede electrónica (Rex\_WEB2024043106), a adxudicataria comunica as datas de inicio do subministro de gas nos distintos centros da Deputación, fixando como data de inicio o día 14 de maio de 2024.

Resultando.- Que consta no expediente con CSV: SUZPTLB8MV4ET67F informe do responsable do contrato solicitando prorrogar o devandito contrato polo período de un ano, con efectos dende 15 de maio de 2026 ata o 14 de maio de 2027.

Resultando.- Que no citado informe se recolle o seguinte: “...O nivel de prestación foi satisfactorio, con inexistencia de incumprimentos por parte da contratista que xustifiquen, no seu caso, a improcedencia da prórroga. 2. A prórroga proposta non supón a alteración das características do contrato, especialmente respecto ao prezo aprobado...”

Resultando.- Que, con data 15 de abril do 2026, a Intervención emitiu informe sobre a existencia de crédito para atender as obrigas que se deriven da presente prórroga deste contrato (CSV: N2NVWHFXGT2TRE6C).

Resultando.- Que consta no expediente con CSV: EE5TZA68FC9UHHRL preaviso notificado ás empresas contratistas realizado coa antelación mínima esixida no artigo 29.2 da LCSP sendo polo tanto dita prórroga obrigatoria para os contratistas.



Resultando.- Que consta no expediente con CSV: XZCGPYHA0434LDXB informe conxunto emitido polo xefe de servizo de Contratación, o Secretario Xeral da Deputación e a Intervención, que conclúe o seguinte: *“En atención ao exposto e, destacadamente, do informe do responsable do contrato, infórmase favorablemente a proposta de segunda prórroga do contrato que rexe a “Subministración de enerxía eléctrica en alta e baixa tensión para os centros, edificios e instalacións dependentes da Deputación de Pontevedra” por un ano, desde o 15 de maio de 2026 ao 14 de maio de 2027. O órgano que ostenta a competencia para resolver a presente ampliación de prazo é a Xunta de Goberno. O acordo ha de tomarse antes da seguinte data: 15 de maio do 2026.”*

Considerando.- Que o apartado 6 do Prego de cláusulas económico administrativas particulares, recolle que o contrato este contrato pode esta suxeito a 3 prórrogas cunha duración dunha anualidade de duración cada unha.

Considerando.- Que o apartado 4.2 das cláusulas xerais do prego de cláusulas económico administrativas, de conformidade co previsto no artigo 29.2 da LCSP establece que *“A prórroga será obrigatoria para a ou o empresario, sempre que o seu preaviso se produza con dous (2) meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Non será obrigatorio o referido preaviso no caso de que a duración do contrato sexa inferior a dous (2) meses. En ningún caso poderase producir a prórroga polo consentimento tácito das partes”*.

Considerando.- Que tendo en conta que para dita prórroga, de conformidade coa LCSP, faise necesario que o órgano de contratación adopte acordo expreso ao respecto, previo informe do secretario xeral da Corporación, o cal é preceptivo segundo a súa disposición adicional terceira.

Considerando que a disposición adicional segunda da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, no seu apartado 1, faculta a Presidencia para actuar como órgano de contratación con competencia respecto deste contrato, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16<sup>a</sup>.2 a),

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar a segunda prórroga do contrato que rexe a “Subministración de enerxía eléctrica en alta e baixa tensión para os centros, edificios e instalacións dependentes da Deputación de Pontevedra” suscrito coa empresa Gas Natural Comercializadora, S.A. (NIF: A61797536), durante o período que vai desde o 15 de maio de 2026 ata o 14 de maio de 2027, permanecendo inalterables os termos das condicións contractuais que o rexen.

O importe do gasto é para a toda a duración da prórroga do contrato e financiarase con cargo á/s seguinte/s aplicación/s orzamentaria/s:



Anualidade	Centro xestor	Aplicación orzamentaria	Importe total (co IVE)
2026 (15/05/2026- 31/12/2026)	Arquitectura	920.9200.221.00 Pazo Provincial	40.267,74 €
		920.9200.221.00 Edificio Administrativo	63.205,13 €
		920.9200.221.00 Sede de Vigo	9.034,42 €
		920.9200.221.00 Rúa Nova de Abaixo 1ºdrto (Pontevedra)	59,47 €
		920.9200.221.00 Rúa Pico del Alba 1ºIzq (Madrid)	42,89 €
		920.9200.221.00 Rúa Coruña 26 (Tui)	340,74 €
	Turismo Rías Baixas	433.4320.221.00 Palacete das Mendoza (vinculación xurídica)	10.743,26 €
		433.3360.221.00 Castelo de Soutomaior	10.451,54 €
		433.3363.221.00 Castelo de Sobroso (vinculación xurídica)	5.388,07 €
	Asistencia Intermunicipal	923.1623.221.00 Oficina Revitaliza	2.298,84 €
	Cooperación cos municipios	942.4330.221.00 Viveiro de Barro (Servizos xerais, Of. 14 e 15) (vinculación xurídica)	36.615,02 €
		942.4330.221.00 Viveiro de Lalín (vinculación xurídica)	5.998,12 €
	Finca Mouriscade	410.4120.221.00 Laboratorio Finca Mouriscade	48.908,19 €
	Infraestruturas	456.4530.221.00 Parque Maquinaria Barro	21.156,31 €
		456.4530.221.00 Parque Maquinaria Lalín	1.818,46 €
		456.4530.221.00 Parque Maquinaria Gondomar	2.313,91 €
		456.4530.221.00 Ponte de Catoira	4.735,56 €
	Medio Ambiente	410.4100.221.00 Lodeiro 1 (O Campo Lameiro) Coto Cutián	285,81 €
	Areiro	413.4123.221.00 Estación Fitopatolóxica Areiro	54.374,89 €
	ORAL	932.9320.221.00 Oral Pontevedra: Av. Marín 19 e Av. Marín 9	18.927,24 €
		932.9320.221.00 Oficinas periféricas: A Estrada, O Porriño, Moaña, Vilanova de Arousa, Nigrán, Caldas de Reis, Tui, Sanxenxo, Lalín e Pontearreas	19.358,82 €
	Centro Príncipe Felipe	232.2312.221.00 Av Montecelo 12 - 1	120.950,09 €
232.2312.221.00 Av Montecelo 12 - 2		93.719,66 €	



Anualidade	Centro xestor	Aplicación orzamentaria	Importe total (co IVE)
	Museo de Pontevedra	232.2312.221.00 Rúa Amado Carballo 10D e Rúa Amado Carballo 2B	94,07 €
		333.3330.221.00 Ruínas de Santo Domingo	699,22 €
		333.3330.221.00 Fernández López	24.259,24 €
		333.3330.221.00 Edificio Castelao	310.345,51 €
2027 (01/01/2027- 14/05/2027)	Arquitectura	920.9200.221.00 Pazo Provincial	24.160,65 €
		920.9200.221.00 Edificio Administrativo	37.923,08 €
		920.9200.221.00 Sede de Vigo	5.420,65 €
		920.9200.221.00 Rúa Nova de Abaixo 1ºdrto (Pontevedra)	35,69 €
		920.9200.221.00 Rúa Pico del Alba 1ºIzq (Madrid)	25,74 €
		920.9200.221.00 Rúa Coruña 26 (Tui)	204,44 €
	Turismo Rías Baixas	433.4320.221.00 Palacete das Mendoza	6.445,96 €
		433.3360.221.00 Castelo de Soutomaior	6.270,93 €
		433.3363.221.00 Castelo de Sobroso	3.232,85 €
	Asistencia Intermunicipal	923.1623.221.00 Oficina Revitaliza	1.379,30 €
	Cooperación cos municipios	942.4330.221.00 Viveiro de Barro (Servizos xerais, Of. 14 e 15)	21.969,01 €
		942.4330.221.00 Viveiro de Lalín	3.598,87 €
	Finca Mouriscade	410.4120.221.00 Laboratorio Finca Mouriscade	29.344,91 €
	Infraestruturas	456.4530.221.00 Parque Maquinaria Barro	12.693,79 €
		456.4530.221.00 Parque Maquinaria Lalín	1.091,07 €
		456.4530.221.00 Parque Maquinaria Gondomar	1.388,35 €
		456.4530.221.00 Ponte de Catoira	2.841,34 €
	Medio Ambiente	410.4100.221.00 Lodeiro 1 (O Campo Lameiro) Coto Cutián	171,48 €
	Areiro	413.4123.221.00 Estación Fitopatolóxica Areiro	32.624,94 €
	ORAL	932.9320.221.00 Oral Pontevedra: Av. Marín 19 e Av. Marín 9	11.356,34 €



Anualidade	Centro xestor	Aplicación orzamentaria	Importe total (co IVE)
		932.9320.221.00 Oficinas periféricas: A Estrada, O Porriño, Moaña, Vilanova de Arousa, Nigrán, Caldas de Reis, Tui, Sanxenxo, Lalín e Pontearreas	11.615,30 €
	Centro Príncipe Felipe	232.2312.221.00 Av Montecelo 12 - 1	72.570,06 €
		232.2312.221.00 Av Montecelo 12 - 2	56.231,79 €
		232.2312.221.00 Rúa Amado Carballo 10D e Rúa Amado Carballo 2B	56,45 €
	Museo de Pontevedra	333.3330.221.00 Ruínas de Santo Domingo	419,53 €
		333.3330.221.00 Fernández López	14.555,55 €
		333.3330.221.00 Edificio Castelao	186.207,30 €

O importe do gasto correspondente a anualidade 2027 quedará condicionado a aprobación do orzamento do respectivo exercicio e a existencia de crédito adecuado e suficiente na correspondente aplicación orzamentaria.

11.36992.- VALIDACIÓN DA CERTIFICACIÓN FINAL DA OBRA “MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NO TREITO ANTIGO DA EP 5201 ARBO-CABEIRAS-BARCELA, NA CONTORNA DA IGREXA DE SAN SEBASTIÁN DE CABEIRAS (CONCELLO DE ARBO)”. (EXPTE. 2024053636)

Resultando.- Que a Xunta de Goberno desta Deputación Provincial na súa sesión ordinaria celebrada o día 21/02/2025 acordou adxudicar a empresa CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, SA (NIF A36008886) o contrato da obra “Mellora da mobilidade peonil no treito antigo da EP 5201 Arbo-Cabeiras-Barcelona, na contorna da igrexa de San Sebastián de Cabeiras (Concello de Arbo)”, por un importe de 379.534,35 € (IVE engadido), estimándose un prazo de execución de CATRO (4) MESES (CSV: BFDEGNYUZCLSQM8Z).

Resultando.- Que con data 26/03/2025 formalizouse a acta de comprobación de replanteo, establecéndose coma data para finalizar a obra o día 26/07/2025 (CSV: LEINZ3D7YIT64W0W).

Resultando.- Que a Xunta de Goberno desta Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 10/07/2025, acordou concederlle á empresa adxudicataria unha ampliación de DOUS (2) MESES no prazo de execución do contrato da obra, establecendo coma data para finalizar a obra o día 26/09/2025, a partires da cal, de non estar terminada se lle aplicarán ao contratista automaticamente as penalidades previstas (CSV: EHSVYI7EJR9WOGJC).

Resultando.- Que, de novo, a Xunta de Goberno desta Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 19/09/2025, acordou conceder á empresa unha ampliación de QUINCE (15) DÍAS na execución do contrato de obras, establecendo coma data para finalizar a obra o día 11/10/2025, a partires da cal, de non estar terminada se lle aplicarán ao contratista automaticamente as penalidades previstas (CSV: 18COSM2N83776CP0).



Resultando.- Que consta no expediente a acta favorable con observacións da recepción da obra de data 17/12/2025 (CSV: 6G58S2CCJ7K78D4M).

Resultando.- Que en data 17/03/2026 a empresa adxudicataria achega polo rexistro electrónico desta Administración a Certificación FINAL da obra polo período comprendido entre o 26/03/2025 e o 11/10/2025, por importe de 18.500,10 € (CSV: 9RVWBH9JQAZO231C).

Resultando.- Que remitida a Intervención a solicitude de fiscalización da certificación FINAL, esta devólvea informada en data 15/04/2026 (CSV: 842B'TB2AGRTYYVX2) concluíndo que “Polo exposto, tendo en conta as observacións sinaladas, dado que as unidades de obra que se certifican se executaron, procedería a aprobación da certificación seguindo o procedemento de validación do gasto pola Xunta de Goberno”, e facendo constar as seguintes observacións: “A execución da obra rematou con data 11 de outubro de 2025 e a súa recepción tivo lugar o día 17 de decembro de 2025, polo que, non se cumpriu o prazo dun (1) mes desde a finalización da obra que establece a Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP) para a súa recepción (art. 210).

*De conformidade co disposto no artigo 166 do RXLCAP (Real Decreto 1098/2001 de 12 de outubro), recibidas as obras procederase seguidamente á súa medición xeral, formulándose polo director da obra a medición das realmente executadas no prazo dun mes desde a recepción. Redactada nese prazo a correspondente relación valorada, dentro dos dez (10) días seguintes será expedida e tramitada a certificación final. Dado a data de expedición da presente certificación incúmpranse ditos prazos.*

*Por outra banda, cabe sinalar que, dado a data na que nos atopamos, non é posible cumprir co prazo establecido no art. 243 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, para a aprobación da certificación final (tres meses desde a recepción da obra).*

*En aras dunha maior transparencia na xestión o convenio de colaboración debería publicarse no BOPPO”.*

Considerando o disposto no artigo 54 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións públicas, relativo á validación de actos anulables.

Considerando que por Disposición Adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, no seu apartado 1, faculta á Ilmo. Presidente para actuar como órgano de contratación respecto deste contrato, e tendo en conta o disposto no artigo 185.1 e 3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora de facendas locais e o establecido nas bases de execución do vixente orzamento, concretamente na base 17.

Con base nos antecedentes precedentes, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a validación da obriga de gasto relativa á certificación FINAL da obra “Mellora da mobilidade peonil no treito antigo da EP 5201 Arbo-Cabeiras-Barcela, na contorna da igrexa de San Sebastián de Cabeiras (Concello de Arbo)”, polo importe bruto de 18.500,10 €, de conformidade co seguinte detalle:



Terceiro	Aplicación orzamentaria	Importe
CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, SA (NIF A36008886)	26/456.4530.612.02.2024	18.500,10 €
Descontos		
	Taxa dirección de obra (4% PEM adx.)	513,93 €
	Control de calidade (3% PEM licit.)	422,55 €
	Total descontos	936,48 €
TOTAL LÍQUIDO A PERCIBIR		17.563,62 €

Segundo.- Aprobar a liquidación dos ingresos correspondentes practicándose a retención ou desconto sobre o importe bruto da certificación, segundo detalle referido no apartado anterior.

Terceiro.- Ordenar o pago polo importe líquido.

Cuarto.- Dar traslado da presente Resolución ao interesado.

12.36993.- RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO CORRESPONDENTE Á SUBVENCIÓN CONCEDIDA A PROXECTOS DE RECUPERACIÓN DE ESPAZOS PÚBLICOS E CREACIÓN DE ENDAS PEONÍS E/OU CICLABLES NOS CONCELLOS DA REDE ÁGORA PARA A REDACCIÓN DO PROXECTO “REURBANIZACIÓN DA RÚA ADOR” CONCELLO DE SALCEDA DE CASELAS (EXPTE.2021016835)

*Primeiro.*- A Xunta de Goberno na súa sesión de data 12 de febreiro de 2021 acordou a aprobación das Bases Reguladoras para a convocatoria de subvencións para a redacción de proxectos (eixe 1) ou execución de obras (eixe 2) de mobilidade amable e recuperación de espazos públicos dos concellos da rede Ágora, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) número 37, de data 24 de febreiro de 2021. Este plan elabórase para dar cumprimento ao mandato contido no artigo 36.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e colaborar cos concellos na recuperación do espazo público en favor das persoas.

*Segundo.*- A Xunta de Goberno na súa sesión de data 6 de agosto de 2021 adxudicoulle ao Concello de Salceda de Caselas unha subvención por un importe máximo de 50.000,00 euros (eixe 1) ao proxecto.”Reurbanización da Rúa Ador”. Esta subvención financiarase, de acordo coa base terceira da convocatoria, con cargo á aplicación 21/456.9420.762.10.2020 (eixe 1).

*Terceiro.*- En data 29 de decembro de 2022 o Concello de Salceda de Caselas remite o proxecto técnico:

- *Proxecto de mobilidade amable e recuperación de espazos públicos no ámbito municipal, referido a obras completas; é dicir, as susceptibles de ser destinadas ao uso xeral ou ao servizo correspondente, sen prexuízo de posteriores ampliacións, que comprenden todos e cada un dos elementos que son precisos para a utilización da obra.*



*Cuarto.*- En data 6 de marzo 2023 os servizos técnicos da Deputación de Pontevedra emiten informe de adecuación técnica desfavorable respecto das bases CSV: ZQ5CYUPI1MK930ZY.

*Quinto.*- En data 28 de marzo de 2023 o Concello de Salceda de Caselas remite contestación ao requirimentos de emenda efectuados no informe técnico desfavorable.

*Sexto.*- En data 29 de setembro de 2023, os servizos técnicos da Deputación de Pontevedra emite un segundo informe de inadecuación técnica do proxecto respecto das bases CSV: WZ9AB6YMH9ZF566H.

*Sétimo.*- En datas 21 e 22 de novembro de 2023, o Concello de Salceda de Caselas remite unha nova versión do proxecto, na que emenda os distintos aspectos que figuraban no requirimento da Deputación.

*Oitavo.*- En data 28 de novembro de 2023, os servizos administrativos da Deputación de Pontevedra emiten requirimento para que o Concello de Salceda de Caselas remita o informe da técnico ou do técnico municipal.

*Noveno.*- En data 5 de decembro de 2023, o Concello de Salceda de Caselas remite a documentación requirida.

*Décimo.*- En data 13 de decembro de 2023, os servizos administrativos da Deputación de Pontevedra emiten informe de adecuación técnica favorable respecto das bases (CSV: A89FUTMJ59MIYCUN).

*Décimo primeiro.*- En data 7 de marzo de 2024 o Concello de Salceda de Caselas remite a documentación xustificativa para o abono da subvención para a redacción de proxectos de mobilidade amable e recuperación de espazos públicos dos concellos da rede Ágora. Recibida a devandita documentación polo Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais compróbase que esta inclúe, de acordo coas bases décimo cuarta e décimo quinta da convocatoria, o seguinte:

- Certificado dunha técnica/-o municipal que "acredite os requisitos da base 4ª e que a superficie de espazo público gañada para as e os peóns é, como mínimo, a indicada na memoria presentada coa solicitude de subvención."
- Certificado conforme o proxecto foi aprobado polo órgano municipal competente.
- Proxecto técnico aprobado polo órgano municipal competente.
- Xustificación dos gastos:
  - o Certificación do Concello onde se fagan constar os gastos relacionados coa redacción do proxecto e aprobación dos gastos polo órgano municipal competente.
  - o Facturas orixinais ou fotocopias compulsadas.
- Acreditación da difusión da colaboración da Deputación na actividade subvencionada.
- Certificación da persoa funcionaria pública competente do conxunto de axudas concedidas por esta Deputación, por outras administracións públicas ou achegas de particulares para a mesma finalidade. Extremo que foi verificado polo técnico que asina este informe.
- Informe de validación técnica favorable .

*Décimo segundo.*- Durante o proceso de fiscalización por parte de Intervención Provincial, practícase un novo requirimento ao Concello de Salceda de Caselas, con data 9 de maio de 2024.



*Décimo terceiro.*- En data 31 de maio de 2024 o Concello de Salceda de Caselas remite documentación en resposta ao requirimento; con número de rexistro 2024019417 esta documentación e as explicacións que conteñen, foron remitidas ao Servizo de Intervención da Deputación de Pontevedra por medio de oficio, asinado pola Xefatura dos Servizos administrativos o día 19 de xuño de 2024 (CSV: U4Z0YFLBT4RYETXA).

*Décimo cuarto.*-En data 8 de xullo de 2024, os servizos administrativos da Deputación de Pontevedra emiten informe de xustificación e abono favorable relativo á xustificación e validación técnica do proxecto de reurbanización da Rúa Ador. Revisado os gastos xustificadas, compróbase que estes ascenden a un total de 44.582,00 €

*Décimo quinto.*- En data 19 de xaneiro de 2026, os servizos administrativos da Deputación de Pontevedra emiten informe técnico (CSV: A89FUTMJ59MIYCUN )relativo á xustificación e validación técnica do proxecto de reurbanización da Rúa Ador e concluíndo que procede outorgar a conformidade técnica e á aclaración da facturación presentada polo arquitecto redactor.

*Décimo sexto.*- O 27 de xaneiro de 2026 a Xefatura do servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais emite informe (CSV: 2PLQEIGYM09NTI7N), solicitando dilixencia de fiscalizado e conforme a intervención.

Á vista da documentación presentada polo Concello de Salceda de Caselas para a xustificación da subvención concedida ao abeiro da convocatoria Ágora 2021 (Eixe 1), así como dos informes técnicos e administrativos emitidos polos servizos provinciais, e visto o informe de fiscalización favorable emitido pola Xefatura do Servizo de Fiscalización con data 24/04/2026, no que se determina que o importe xustificable elixible ascende a 18.271,00 €, correspondente ás facturas:

Factura nº 2022/017, por importe de 605,00 € (IVE incluído).

Factura nº 202211, por importe de 17.666,00 € (IVE incluído).

Constátase que non procede o recoñecemento das facturas correspondentes aos traballos de reformulación técnica realizados no ano 2023 dado que o ámbito de actuación non se corresponde co sinalado na memoria que serviu de base para concesión da subvención.

De acordo coas bases da convocatoria nas que se lle concedía a subvención por un máximo do 90% do gasto xustificable, cun importe máximo de 50.000,00 euros, o Concello de Salceda de Caselas xustificou finalmente un gasto total de 44.582,00 €. Proponse a xustificación parcial con un gasto total de 18.271,00 € e a esta cantidade corresponderíalle o cobro da antedita subvención por un importe total de 16.443,90 €.

Por todo o anteriormente exposto, emítense as seguintes CONCLUSIÓNS:

- Visto que o Concello de Salceda de Caselas presentou, en prazo e forma, a documentación para a xustificación da subvención concedida para a redacción de proxectos ou execución de obras de mobilidade amable e recuperación de espazos públicos dos concellos da rede Ágora.
- Visto que non se comprobou polo servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais a conformidade da xustificación presentada en prazo .



- Vistos os antecedentes expostos .
- Consta dilixencia favorable da Intervención Provincial que determina que só procede o recoñecemento das obrigas correspondentes ás facturas emitidas no exercicio 2022.

De acordo co exposto, considerando que o órgano competente para a aprobación da xustificación do gasto polo procedemento de recoñecemento extraxudicial de crédito é a Xunta do Goberno, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a xustificación parcial presentada polo Concello de Salceda de Caselas no marco da convocatoria Ágora 2021 (Eixe 1), correspondente á redacción do proxecto “Reurbanización da Rúa Ador”.

Segundo.- Declarar elixibles os gastos por importe total de 18.271,00 €, correspondentes ás facturas nº 2022/017 e nº 202211, ao cumpriren os requisitos establecidos nas bases reguladoras.

Terceiro.-Aprobar o aboamento da subvención ao Concello de Salceda de Caselas por un importe de 16.443,90 €, equivalente ao 90 % do gasto elixible, con cargo á aplicación orzamentaria 2026/456.9420.762.10.2020.

Cuarto.- Notificar o presente acordo ao Concello de Salceda de Caselas, ao Servizo de Intervención e ao Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais para os efectos oportunos.

13.36994.- RECOÑECIMENTO EXTRAXUDICIAL DE CRÉDITOS. (EXPTES: 2026032096, 2026032495)

a)Vista a relación de operacións con número 2026032096 (CSV: NK0KK80BK60TAL74) que contén 7 operacións por un importe de 3.440,32 euros, visto o informe que formula a Intervención desta Deputación e que acompaña a dita relación e vistos tamén os informes que formulan o/s xefe/s de servizo ou responsables dos centros xestores, nos que se pon de manifesto que os gastos se fixeron en exercicios pechados, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

A relación de expedientes de referencia que presenta a seguinte estrutura económica:

Importe orzamentario .....	3.440,32 €
IVE soportable deducible .....	0,00 €
Retencións .....	0,00 €
Total líquido .....	3.440,32 €

...



b) Vista a relación de operacións con número 2026032495 (CSV: NQTTKK9W8XMM8OYN) que contén 13 operacións por un importe de 11.994,62 euros, visto o informe que formula a Intervención desta Deputación e que acompaña a dita relación e vistos tamén os informes que formulan o/s xefe/s de servizo ou responsables dos centros xestores, nos que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

A relación de expedientes de referencia que presenta a seguinte estrutura económica:

Importe orzamentario .....	12.077,12 €
IVE soportable deducible .....	0,00 €
Retencións .....	82,50 €
Total líquido .....	11.994,62 €

14.36995.- MODIFICACIÓN DO ACORDO Nº 6.35178 DA XUNTA DE GOBERNO DE DATA 09/05/2025, POR CAMBIO DE PROXECTO, POLO QUE SE CONCEDÍA UNHA SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE A CANIZA, NO MARCO DO PLAN + PROVINCIA 2025 – LIÑA 1, CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “RENOVACIÓN DA AREA DE LECER DA CARBALLEIRA DO CACHARADO NO CONCELLO DA CANIZA” (EXPTE. 2025021277)

#### ANTECEDENTES

- O Pleno da Deputación, na súa sesión do 27/12/2024, mediante acordo núm. 3.8316, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2025, en adiante Plan +Provincia 2025, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 1 do 02/01/2025.
- En data 09/05/2025, mediante acordo de Xunta de Goberno núm. 6.35178, concedeuse ao concello de A CANIZA, polo procedemento de concorrencia non competitiva, unha subvención por importe de 60.428,44 euros, con destino ao financiamento do investimento “RENOVACION DA AREA DE LECER DA CARBALLEIRA DO CACHARADO NO CONCELLO DA CANIZA” (expediente: 2025021277), en base a un orzamento por importe de 153.944,36, euros, financiando o concello con fondos propios cantidade de 93.515,92 euros.
- En data 03/02/2026 consta entrada na sede electrónica da Deputación, co núm. WEB2026006936, instancia do concello de A CANIZA na que solicita a necesidade de tramitar un cambio do proxecto técnico para levar a cabo o investimento mencionado ut supra debido ao incremento que sufriron os prezos unitarios que o compoñen.



- O concello en data 04/02/2026 con rexistro WEB2026007307 aporta o orzamento do proxecto cos prezos actualizados do investimento “RENOVACION DA AREA DE LECER DA CARBALLEIRA DO CACHARADO NO CONCELLO DA CANIZA”, por un importe total de 169.436,83 euros (execución de obra). O Concello achega tamén o orzamento dos honorarios de dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde pero non teñen cabida na tramitación deste cambio de proxecto xa que na concesión inicial, os honorarios non estaban incluídos dentro do orzamento inicial e non foi unha partida a subvencionar.
- O concello de A CANIZA solicita que se autorice por parte deste organismo o cambio do orzamento do proxecto que figura no expediente o que supón modificar o acordo de concesión de data 09/05/2025 (acordo núm. 6.35178) dado que este cambio de orzamento do proxecto supón un incremento do seu orzamento e a modificación da súa financiación inicial, permanecendo invariable a subvención inicialmente concedida, quedando configurada tal é como se indica:

Anualidade	Orzamento- €	Subvención -Plan + Provincia 2025-€	Fondos propios do Concello -€ ou financiación a través doutros plans
2025	169.436,83	60.428,44	109.008,39

- A presente actuación conta co informe de supervisión favorable do facultativo do servizo de Cooperación cos Municipios de data 17/03/2026.

## FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA:

### I.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL)
- Bases de execución do vixente orzamento provincial
- Bases reguladoras do Plan +Provincia 2025
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación



## II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

### INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan +Provincia 2025 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que lle, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización do Servizo de Intervención.

### PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. Do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

### RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 16 da ordenanza xeral de subvencións da Deputación que dispón (...) a entidade beneficiaria da subvención poderá solicitar do órgano que as concede a modificación da resolución de concesión (...), non debendo variarse o destino ou finalidade da subvención ou da axuda pública. A solicitude de modificación deberá estar xustificada, presentándose (...) con antelación á finalización do prazo de execución inicialmente concedido (...).
- Base 29ª das reguladoras do Plan +Provincia 2025 que sinala que con posterioridade ao acordo ou á resolución de concesión de subvención, antes de que se inicie a licitación do proxecto da actuación subvencionada e sempre e cando non se prexudiquen intereses de terceiras persoas, poderase solicitar unha modificación do acordo ou da resolución pola necesidade de reformular o proxecto sen variar a tipoloxía inicialmente aprobada.

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e as bases específicas de execución do vixente orzamento da Deputación, e vistos o informe do facultativo técnico de Cooperación de data 17/03/2026 e do xefe do servizo de Cooperación de data 18/03/2026 que conclúen favorablemente o cambio do orzamento do proxecto que figura no expediente, e do informe da intervención provincial de data 20/04/2026, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- a. Modificar o acordo da Xunta de Goberno núm. 6.35178, do día 09/05/2025, por reformulación do orzamento do proxecto técnico aportado inicialmente e que figura no expediente, polo novo orzamento presentado en data 04/02/2026 con rexistro núm. WEB2026007307, aos efectos de que o investimento



“RENOVACION DA AREA DE LECER DA CARBALLEIRA DO CACHARADO NO CONCELLO DA CANIZA”, (exp: 2025021277), que se financia coa subvención da Deputación dentro do Plan + Provincia 2025, poida ser executado nos termos establecidos polo Concello, manténdose invariable a subvención concedida inicialmente de 60.428,44 €, en base a un novo orzamento que importa 169.436,83 €, quedando configurada a súa financiación como indica a seguinte táboa:

Anualidade	Orzamento- €	Subvención -Plan + Provincia 2025-€	Fondos propios do Concello -€ ou financiación a través doutros plans
2025	169.436,83	60.428,44	109.008,39

- b. O novo orzamento do proxecto técnico achegado implica a variación do seu orzamento, que aumenta ata o importe de 169.436,83 €, asumindo o Concello de A CANIZA o compromiso de financiamento de dito incremento ben a través de fondos propios ou con fondos procedentes doutros plans. O cambio non altera o importe da subvención outorgada e co mesmo enténdese que non se prexudican dereitos de terceiros.
- c. O resto do acordo da xunta de goberno núm. 6.35178, do día 09/05/2025, permanecerá invariable.
- d. Darlle traslado do presente acordo ao Concello de A CANIZA, Intervención, Servizo de Cooperación e ó Gabinete da Presidencia.

15.36996.- MODIFICACIÓN DO ACORDO Nº 10.34904 DA XUNTA DE GOBERNO DE DATA 14/03/2025, POR CAMBIO DE PROXECTO, POLO QUE SE CONCEDÍA UNHA SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE MOS, NO MARCO DO II PLAN EXTRAORDINARIO DE INFRAESTRUTURAS DEPORTIVAS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “MEJORA DE LAS INSTALACIONES EN EL COMPLEJO DEPORTIVO OSCAR PEREIRO” (EXPTE. 2025003648)

#### ANTECEDENTES

- O Pleno da Deputación Provincial de Pontevedra, na sesión extraordinaria do 18/10/2024, mediante o acordo núm. 3.8273 aprobou as bases reguladoras e a convocatoria do II Plan extraordinario de infraestruturas deportivas (II PEID), publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 206, do 22/10/2024.
- Mediante o acordo núm. 1034904 de 14/03/2025 da Xunta de Goberno da Corporación Provincial concedeuse unha subvención por importe de 169.878,87 € ao Concello de Mos, con destino ao financiamento do investimento denominado “Mejora de las instalaciones en el complejo deportivo Óscar Pereiro”, cun orzamento polo mesmo importe.



- En data 09/03/2026 o Concello de Mos presenta unha solicitude (núm. Rexistro WEB2026017734) de modificación do proxecto do citado investimento, o cal non altera o orzamento inicialmente aprobado nin supón unha alteración da finalidade do proxecto presentado, o acordo de Xunta de Goberno Local do día 06/03/2026 ven motivado pola necesidade das novas unidades de obra resultan necesarias e imprescindibles para a correcta execución, funcionalidade e terminación da obra, consta no expediente a aprobación do proxecto modificado e informe da directora de obra xustificando as variacións.
- O novo proxecto conta co informe de supervisión favorable do xefe dos Servizos Técnicos de Cooperación de data 13/03/2026.
- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos na base reguladora 24ª do II PEID.
- Así mesmo, o 31/03/2026 o xefe do Servizo de Cooperación informa favorablemente a concesión da subvención e a Intervención provincial emite informe favorable o 23/04/2026.

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

### RÉXIME XURÍDICO

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP)
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRFL)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL)
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Pontevedra (OXSDPPO)
- Bases de execución do vixente orzamento provincial
- Bases reguladoras do II Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas (II PEID)

## CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

### INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 7ª do II PEID, que indica que lle corresponde o xefe do Servizo de Cooperación a instrución do procedemento de concesión. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe dos servizos técnicos provinciais, no caso de ser necesario, e da fiscalización de Intervención.



## PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Reguladora 7ª do II PEID, que indica que as propostas de resolución definitivas se elevarán ao órgano competente para a súa aprobación.

## RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 da LXS, que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 da LXS, polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 da RLXS, que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL, que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da OXSDPPO, que regulan o procedemento de concesión.
- Base 1ª das reguladoras do II PEID que definen o obxecto e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do II PEID que consignan o crédito orzamentario, o procedemento de concesión, así como os criterios obxectivos de repartimento.
- Bases 8ª e 10ª das reguladoras do II PEID que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

## RÉXIME COMPETENCIAL

- En virtude do reparto de competencias recollido nos artigos 35 da LRBRL e 63 do ROFRXEL, e de acordo coas bases específicas de execución do vixente orzamento da Deputación, a competencia para resolver correspóndelle á Xunta de Goberno.

## CONCLUSIÓNS

Visto que o concello de Mos presentou en prazo e forma a documentación necesaria para prestar a conformidade ao proxecto modificado do investimento denominado “Mejora de las instalaciones en el complejo deportivo Óscar Pereiro”, ao abeiro do II Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas.



Visto que o Concello tramitou o oportuno expediente motivado pola necesidade das novas unidades de obra resultan necesarias e imprescindibles para a correcta execución, funcionalidade e terminación da obra. Estes cambios limitanse a axustes en unidades de obra e non alteran a finalidade da subvención, polo tanto non poden considerarse substanciais.

Visto que o proxecto modificado non modifica o orzamento respecto ao proxecto, contando co informe de supervisión favorable do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 13/03/2026.

Á vista dos antecedentes, fundamentos de dereito e conclusións sinaladas, informo favorablemente a tramitación deste expediente e a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Prestar a conformidade ao proxecto técnico modificado da actuación denominada “Mejora de las instalaciones en el complejo deportivo Oscar Pereiro” presentado polo Concello de Mos ao abeiro do II Plan extraordinario de infraestruturas deportivas, cun orzamento 169.878,87€.
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2026/942.3420.762.95.2024 do vixente orzamento provincial.
- Dar traslado do presente acordo ao Concello de Mos, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete de Presidencia.

16.36997.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA CONSTITUÍDA POLA ENTIDADE UTE NAROM, S.L. – AUDECA, S.L.U., PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DO LOTE NÚMERO 1 DO CONTRATO RELATIVO AO “SERVIZO DE CONSERVACIÓN DA REDE VIARIA DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA”, (DEVOGARAN.- 2025076733)

Por acordo 3.7135 adoptado pola Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria, de data 29 de xuño de 2018 (Nº Rexistro 2018013513, de data 12/07/2018), acordouse, entre outros asuntos, o “*Servizo de conservación da rede viaria da Deputación de Pontevedra*”. (Núm. Exp. 2017040163).

Para garantir a correcta execución do deste contrato, a entidade mercantil *UTE Narom, S.L. – Audeca, S.L.U.* (U-27858661), constituíu na Tesourería desta Deputación, unha garantía definitiva conxunta polo importe equivalente ao 5% do seu prezo de adjudicación do lote 1, do seguinte xeito:

EMPRESA	IMPORTE	CARTA PAGO	DATA
UTE NAROM, S.L. – AUDECA, S.L.U. (U-27.858.661)	90.991,16€	201800082197	23/05/2018
	90.991,16€	201800082198	23/05/2018

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido desde o Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais (CSV.- HGTLAS63PHB5BCAX), no cal sinala que “(...) *Por todo isto, unha vez finalizado o prazo de garantía dos contratos non vemos razóns nas que se poida ver afectada a garantía cumprindo as circunstancias previstas polo artigo 110 LCSP, polo que procede a devolución da garantía (...)*”.



Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención (CSV.- QG4LWB8FYCYH61XH), no cal indica que existe na caixa da Deputación a constitución por parte da entidade mercantil UTE NAROM, S.L. - AUDECA, S.L.U. (CIF.- U-27.858.661), dunha garantía por ese concepto é por ese importe, e no que igualmente informa favorablemente á devolución da mesma.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución”.

A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade co establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

- Primeiro.- Aprobar a liquidación do contrato de “*Servizo de conservación da rede viaria da Deputación de Pontevedra*” (Núm. Expte. 2017040163), sen que existan obrigas pendentes.

- Segundo.- Proceder á devolución da garantía definitiva presentada pola entidade mercantil UTE AUDECA, S.L.U. - NAROM, S.L. (CIF.- U-27.858.661), por resultar adxudicataria do lote 1 de dito contrato, que foi a depositada do seguinte xeito:

o A constituída mediante aval número 180005, emitido pola entidade BANKIA, S.A. (A-14.010.342) “*aval emitido con póliza de seguro de caución con número no Rexistro Especial de Avais 2018/008237*”, por importe de noventa mil novecentos noventa e un euros con dezaseis céntimos (90.991,16 €), que foi depositada na Tesourería Provincial con data 23/05/2018, segundo orde e constitución de valores, con número de operación 12024000030228 (Carta de pago número 2018000082198).

o A constituída mediante aval número 180005, emitido pola entidade COMPAÑIA ESPAÑOLA DE SEGUROS DE CREDITO A LA EXPORTACION, S.A. -CESCE- (A-28.264.034) “*aval emitido con póliza de seguro de caución número 1.000.490*”, por importe de noventa mil novecentos noventa e un euros con dezaseis céntimos (90.991,16 €), que foi depositada na Tesourería Provincial con data 23/05/2018, segundo orde e constitución de valores, con número de operación 12024000030229 (Carta de pago número 2018000082198).



17.36998.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA POLA EMPRESA, ACEINSA MOBILIDAD, S.A. (NIF B36684157), POR IMPORTE DE 73.628,79 EUROS, PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DO LOTE NÚMERO 2 DO CONTRATO RELATIVO A "SERVIZO DE CONSERVACIÓN DA REDE VIARIA DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA", ADXUDICADO Á UTE CIVIS GLOBAL, S.L. – ACEINSA MOBILIDAD, S.A. (EXPTE. 2017040163) (DEVOGARÁN 2025076733)

Por acordo 3.7135 adoptado pola Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria, de data 29 de xuño de 2018 (Nº Rexistro 2018013513, de data 12/07/2018), acordouse, entre outros asuntos, o “*Servizo de conservación da rede viaria da Deputación de Pontevedra*”. (Núm. Exp. 2017040163).

Para garantir a correcta execución do deste contrato, a entidade mercantil *Aceinsa Mobilidad, S.A. (CIF.- A-84.408.954)*, “*como parte integrante da UTE Civis Global, S.L. (B-36684157) – Aceinsa mobilidad, S.A. (A-84408954)*”, constituíu na Tesourería desta Deputación, unha garantía definitiva polo importe equivalente ao 5% do seu prezo de adxudicación, do seguinte xeito:

EMPRESA	IMPORTE	CARTA PAGO	DATA
ACEINSA MOBILIDAD, S.A. (A-84.408.954)	73.628,79€	201800081659	22/05/2018

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido desde o Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais (CSV.- HGTLAS63PHB5BCAX), no cal sinala que “(...) *Por todo isto, unha vez finalizado o prazo de garantía dos contratos non vemos razóns nas que se poida ver afectada a garantía cumprindo as circunstancias previstas polo artigo 110 LCSP, polo que procede a devolución da garantía (...)*”.

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención (CSV.- QG4LWB8FYCYH61XH), no cal indica que existe na caixa da Deputación a constitución por parte da entidade mercantil ACEINSA MOBILIDAD, S.A. (CIF.- A-84.408.954), dunha garantía por ese concepto e por ese importe, e no que igualmente informa favorablemente á devolución da mesma.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución”.

A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade co establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

- Primeiro.- Aprobar a liquidación do contrato de “*Servizo de conservación da rede viaria da Deputación de Pontevedra*” (Núm. Expte. 2017040163), sen que existan obrigas pendentes.



- Segundo.- Proceder á devolución da garantía definitiva presentada pola entidade mercantil ACEINSA MOBILIDAD, S.A. (CIF.- A-84.408.954), por resultar adxudataria de dito contrato derivado, que foi a seguinte:

- A constituída mediante aval emitido pola entidade BANKIA, S.A. (A-14.010.342) “Aval inscrito no Rexistro Especial de Avais co nº: 2018/007.993”, por importe de setenta e tres mil seiscientos vinte e oito euros con setenta e nove céntimos (73.628,79 €), que foi depositada na Tesourería Provincial con data 22/05/2018, segundo orde e constitución de valores, con número de operación 12024000030225 (Carta de pago número 201800081659).

18.36999.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA POLA EMPRESA CIVIS GLOBAL, S.L. (NIF.-A84408954), POR IMPORTE DE 73.628,79 EUROS, PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DO LOTE NÚMERO 2 DO CONTRATO RELATIVO A "SERVIZO DE CONSERVACIÓN DA REDE VIARIA DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA", ADXUDICADO Á UTE CIVIS GLOBAL, S.L.- ACEINSA MOBILIDAD, S.A.. (EXPTE. 2017040163) (DEVOGARÁN 2025076733)

Por acordo 3.7135 adoptado pola Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria, de data 29 de xuño de 2018 (Nº Rexistro 2018013513, de data 12/07/2018), acordouse, entre outros asuntos, o “*Servizo de conservación da rede viaria da Deputación de Pontevedra*”. (Núm. Exp. 2017040163).

Para garantir a correcta execución do deste contrato, a entidade mercantil *Civis Global, S.L. (CIF.- B-36.684.157)*, “*como parte integrante da UTE Civis Global, S.L. (B-36684157) – Aceinsa mobilidad, S.A. (A-84408954)*”, constituíu na Tesourería desta Deputación, unha garantía definitiva polo importe equivalente ao 5% do seu prezo de adxudicación, do seguinte xeito:

EMPRESA	IMPORTE	CARTA PAGO	DATA
CIVIS GLOBAL, S.L. (B-36.684.157)	73.628,79€	201800081656	22/05/2018

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido desde o Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais (CSV.- HGTLAS63PHB5BCAX), no cal sinala que “(...) *Por todo isto, unha vez finalizado o prazo de garantía dos contratos non vemos razóns nas que se poida ver afectada a garantía cumprindo as circunstancias previstas polo artigo 110 LCSP, polo que procede a devolución da garantía (...)*”.

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención (CSV.- QG4LWB8FYCYH61XH), no cal indica que existe na caixa da Deputación a constitución por parte da entidade mercantil CIVIS GLOBAL, S.L. (CIF.- B-36.684.157), dunha garantía por ese concepto e por ese importe, e no que igualmente informa favorablemente á devolución da mesma.



Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución”.

A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade có establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda: por unanimidade:

- PRIMEIRO.- Aprobar a liquidación do contrato de “*Servizo de conservación da rede viaria da Deputación de Pontevedra*” (Núm. Expte. 2017040163), sen que existan obrigas pendentes.

- SEGUNDO.- Proceder á devolución da garantía definitiva presentada pola entidade mercantil CIVIS GLOBAL, S.L. (CIF.- B-36.684.157), por resultar adxudicataria de dito contrato derivado, que foi a seguinte:

o A constituída mediante aval emitido pola entidade ASEFA SMA, S.A. -*Sucursal en España*- (W-0275019-H) “*Póliza de Seguro de Caución co nº: A8010/06/41/2018/2384*”, por importe de setenta e tres mil seiscientos vinte e oito euros con setenta e nove céntimos (73.628,79 €), que foi depositada na Tesourería Provincial con data 22/05/2018, segundo orde e constitución de valores, con número de operación 12024000030223 (Carta de pago número 201800082656).

19.37000.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA POLA EMPRESA MISTURAS, OBRAS E PROXECTOS, S.A. (A-32118705), PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DO LOTE Nº 3 DO CONTRATO RELATIVO A "SERVIZO DE CONSERVACIÓN DA REDE VIARIA DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA". (EXPTE. 2017040163) (DEVOGARÁN 2025076733)

Por acordo 3.7135 adoptado pola Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria, de data 29 de xuño de 2018 (Nº Rexistro 2018013513, de data 12/07/2018), acordouse, entre outros asuntos, o “*Servizo de conservación da rede viaria da Deputación de Pontevedra*”. (Núm. Exp. 2017040163)

Para garantir a correcta execución do deste contrato, a entidade mercantil *Misturas, obras e Proxectos, S.A.* (CIF.- A-32.118.705), constituíu na Tesourería desta Deputación, unha garantía definitiva polo importe equivalente ao 5% do seu prezo de adxudicación, do seguinte xeito:

EMPRESA	IMPORTE	CARTA PAGO	DATA
MISTURAS, OBRAS E PROXECTOS, S.A. (A-32.118.705)	147.003,15€	201800081658	22/05/2018



Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido desde o Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais (CSV.- HGTLAS63PHB5BCAX), no cal sinala que “(...) *Por todo isto, unha vez finalizado o prazo de garantía dos contratos non vemos razóns nas que se poida ver afectada a garantía cumprindo as circunstancias previstas polo artigo 110 LCSP, polo que procede a devolución da garantía (...)*”.

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención (CSV.- QG4LWB8FYCYH61XH), no cal indica que existe na caixa da Deputación a constitución por parte da entidade mercantil MISTURAS, OBRAS E PROXECTOS, S.A. (CIF.- A-32.118.705), dunha garantía por ese concepto e por ese importe, e no que igualmente informa favorablemente á devolución da mesma.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución”.

A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade co establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

- Primeiro.- Aprobar a liquidación do contrato de “*Servizo de conservación da rede viaria da Deputación de Pontevedra*” (Núm. Expte. 2017040163), sen que existan obrigas pendentes.

- Segundo.- Proceder á devolución da garantía definitiva presentada pola entidade mercantil MISTURAS, OBRAS E PROXECTOS, S.A. (CIF.- A-32.118.705), por resultar adxudicataria de dito contrato derivado, que foi a seguinte:

o A constituída mediante aval, emitido pola entidade ABANCA CORPORACION BANCARIA, S.A. (A-70.302.039) “*Aval inscrito no Rexistro Especial de Avais co nº: 367.599*”, por importe de cento corenta e sete mil tres euros con quince céntimos (147.003,15 €), que foi depositada na Tesourería Provincial con data 22/05/2018, segundo orde e constitución de valores, con número de operación 12024000030224 (Carta de pago número 201800081658).

20.37001.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA Á SUBVENCIÓN CONCEDIDA AO CONCELLO DE CAMBADOS NO MARCO DO PLAN EXTRAORDINARIO DE INFRAESTRUTURAS DEPORTIVAS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “SUBSTITUCIÓN DA CUBERTA DO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO DO POMBAL (PEID)” (EXPTE. 2024019279)

#### ANTECEDENTES

PRIMEIRO.- Por acordo núm. 2.33272 da Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra, en sesión ordinaria de data 15/12/2023 (BOPPO núm. 245, de 22/12/2023), aprobáronse as Bases Reguladoras do Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas (PEID).



A Base 19ª establecía como data límite de execución o 30/04/2025 e de xustificación o 30/09/2025.

SEGUNDO.- Mediante acordo núm. 2.34845 da Xunta de Goberno de data 28/02/2025 (BOPPO núm. 44, de 05/03/2025), determinouse a ampliación do prazo de execución ata o 31/10/2025 e o de xustificación ata o 31/03/2026.

TERCEIRO.-Ao abeiro do citado Plan, mediante acordo núm. 433881 de data 07/06/2024, outorgouse ao Concello de Cambados unha subvención por importe de 87.753,43 € (80% do orzamento total de 109.762,08€) para o investimento “Substitución da cuberta do pavillón polideportivo do Pombal (PEID)”.

CUARTO.- Con data 18/03/2026 (RE WEB2026021438), o Concello de Cambados deu traslado da resolución da Alcaldía na que pon en coñecemento a súa renuncia á subvención. Alega o beneficiario a imposibilidade de acreditar a dispoñibilidade dos terreos ou titularidade dominical no prazo de execución, condición para o desenvolvemento das obras obxecto de financiamento.

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

### RÉXIME XURÍDICO

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP)
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRFL)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL)
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Pontevedra (OXSDPPO)
- Bases de execución do vixente orzamento provincial
- Bases reguladoras do Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas (PEID)

## CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

### INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 7ª do PEID, que indica que lle corresponde o xefe do Servizo de Cooperación a instrución do procedemento de concesión. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe dos servizos técnicos provinciais, no caso de ser necesario, e da fiscalización de Intervención.



## PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Reguladora 7ª do PEID, que indica que as propostas de resolución definitivas se elevarán ao órgano competente para a súa aprobación.

## RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 da LXS, que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedinte a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 da LXS, polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 da RLXS, que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL, que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da OXSDPPO, que regulan o procedemento de concesión.
- Base 1ª das reguladoras do PEID que definen o obxecto e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Base 16ª das reguladoras do PEID que permiten destinar a cantidade asignada deste plan ao financiamento das achegas municipais de investimentos incluídos noutros plans, programas ou convenios da Deputación ou doutras administracións públicas, cando se trate de obras ou subministracións de competencia municipal e sempre que os prazos de execución recollidos no convenio ou noutros plans se axusten aos contemplados nas bases do PEID.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do PEID que consignan o crédito orzamentario, o procedemento de concesión, así como os criterios obxectivos de repartimento.
- Bases 8ª e 10ª das reguladoras do PEID que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

## DA RENUNCIA COMO MODO DE TERMINACIÓN

- De conformidade co artigo 94 da Lei 39/2015 (LPACAP), calquera interesado poderá desistir da súa solicitude ou, cando non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos.



No presente caso, a renuncia preséntase de forma expresa e motivada antes da expiración do prazo de xustificación.

- O punto 4 do citado precepto obriga á Administración a aceptar de plano a renuncia e declarar concluso o procedemento, ao non constar terceiros interesados nin concorrer causas de interese público que exixan a súa continuación.

#### INCUMPRIMENTO DA FINALIDADE E EFICIENCIA

- O artigo 8.3 da LXS consagra o principio de eficacia no cumprimento de obxectivos. Ao manifestar o Concello a imposibilidade técnica de executar o investimento por falta de titularidade, a subvención perde a súa causa obxecto, procedendo a liberación dos fondos comprometidos para garantir a eficiencia na asignación dos recursos públicos

#### RÉXIME COMPETENCIAL

- En virtude do reparto de competencias recollido nos artigos 35 da LRBRL e 63 do ROFRXEL, e de acordo coas bases específicas de execución do vixente orzamento da Deputación, a competencia para resolver correspóndelle á Xunta de Goberno.

#### CONCLUSIÓNS

Visto canto antecede, dada conta de que o Concello non pode solicitar un cambio de finalidade por terse producido a preclusión do prazo a tal efecto, e en cumprimento das funcións de instrución atribuídas ao Servizo de Cooperación pola base 7ª do PEID, emítase informe favorable para que o órgano competente adopte o seguinte acordo:

A xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro: Aceptar a renuncia formulada polo Concello de Cambados, CIF: P3600600E, en relación á subvención concedida para o financiamento do investimento “Substitución da cuberta do pavillón polideportivo do Pombal (PEID)” (expdte 2024019279), por importe de 87.753,43 euros.

Segundo: Declarar concluso o procedemento tramitado no expediente 2024019279 relativo ao investimento arriba referido e ordenar o arquivo do expediente.

Terceiro: Desafectar o crédito comprometido por importe de 87.753,43 euros mediante as oportunas operacións contables

Dar traslado do presente acordo ao Concello de Cambados, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete de Presidencia.



21.37002.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA Á ASOCIACIÓN CLEAN ENERGY SHIP UVIGO. (EXPTE. 2025012561)

• ANTECEDENTES E CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS:

Primeiro.- A Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria celebrada o 29 de agosto de 2025, adoptou, entre outros, o acordo nº 2.35566, polo que se conceden subvencións en réxime de concorrencia competitiva das axudas destinadas á posta en marcha de iniciativas de interese social, promovidas pola xuventude da provincia de Pontevedra durante o ano 2025 e a aprobación do listado de entidade e grupos informais excluídos (ExpTE 2024067765).

Consta no expediente consta relación de entidades beneficiarias (CSV: ZNCFDYR2SVYS15Y2), por un importe total de 101.588,58 €, con cargo á aplicación orzamentaria 25/233.2310.480.02.

De conformidade co establecido no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e no artigo 12.2 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra, as subvencións concedidas foron publicadas no BOPPO número 167 de 03 de setembro de 2025.

Consta na relación a concesión da seguinte subvención:

EXPEDIENTE	NIF	ASOCIACIÓN	CONCELLO	PROXECTO	IMPORTE
2025012561	G09819533	Asociación Clean Energy Ship UVigo	Vigo	Mellora técnica continuada dun trimarán solar con fins educativos e de	1.000,00 €

Segundo.- Con data 17 de marzo de 2026, número de rexistro WEB2026020912, a través de instancia xenérica, a Asociación presenta renuncia expresa á subvención concedida, indicando que “(...)por motivos alleos á vontade e ao control da entidade, non é posible cumprir coas condicións establecidas, polo que comunican a renuncia expresa (...)”.

Terceiro.- Con data 17 de abril de 2026, Intervención emite Dilixencia de conformidade respecto do informe proposta da Xefa de Servizo de Xuventude e Reto Demográfico (CSV): AXN1S3682C84O3UM), relativo á aceptación da renuncia á subvención concedida á Asociación Clean Energy Ship Uvigo, por importe de 1.000,00€, Doc. D\_12026000002087.

De acordo cos antecedentes expostos e ao amparo do establecido no artigo 63.2 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, no artigo 84 da Lei 39/2015 de 1 de outubro de procedemento administrativo común das Administracións Públicas, Ordenanza Xeral de subvencións da deputación de Pontevedra e demais normativa básica de pertinente aplicación, a Xunta de Goberna acorda por unanimidade:

- Aceptar a renuncia presentada pola Asociación Clean Energy Ship Uvigo (G09819533), por importe de 1.000,00 €, ao abeiro da convocatoria do programa “Plan Máis Xuventude 2025 . XRD\_A/25 ”.



Dito acordo será notificado á entidade solicitante nos termos establecidos nos artigos 40 e seguintes da Lei 39/2015 de 1 de outubro reguladora do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

22.37003.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DA ASOCIACIÓN CORAL POLIFÓNICA SAN ROQUE DE VIGO PARA A SUBVENCIÓN “ADQUISICIÓN DE VESTIARIO” DO CONCELLO DE VIGO, APROBADA Ó SEU FAVOR NA XUNTA DE GOBERNO DE 26/12/2025 (EXPTE. 2025067760)

Antecedentes:

Primeiro.- A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra, na súa sesión ordinaria de 05 de setembro de 2025, aprobou as “bases de subvencións dirixidas a entidades sen fins de lucro para a adquisición de instrumentos musicais e vestuario propio de agrupacións musicais da provincia de Pontevedra para o ano 2025” (Acordo núm. 15.35595) publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra núm. 172 de 10 de setembro de 2025.

Segundo.- En data 09 de outubro de 2025 José Antonio Fernández Pérez, en representación da ASOCIACIÓN CORAL POLIFÓNICA SAN ROQUE DE VIGO (NIF: G27868892) presenta solicitude para “Adquisición de vestuario”, achegando un orzamento para a realización da actividade por importe de 4.900,34 €

Terceiro.- A Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria de 26 de decembro de 2025 (Acordo núm. 25.35941) acordou concederlle á ASOCIACIÓN CORAL POLIFÓNICA SAN ROQUE DE VIGO, do concello de Vigo (NIF: G27868892) unha subvención de 1.700,00 € para “Adquisición de vestuario” con cargo á aplicación orzamentaria 26/330.3340.789.00.2025 do vixente orzamento provincial.

Cuarto.- Con data 12 de febreiro de 2026 e número de rexistro WEB2026009352, a ASOCIACIÓN CORAL POLIFÓNICA SAN ROQUE DE VIGO de Vigo, presenta renuncia á subvención concedida no seu día, motivada porque o proveedor da vestimenta de referencia cesou na súa actividade.

Quinto.- Por parte da Intervención da Deputación en data 09 de marzo de 2026 fiscalízase de xeito favorable a renuncia presentada pola ASOCIACIÓN CORAL POLIFÓNICA SAN ROQUE DE VIGO (NIF: G27868892) documento con CSV: U0KWP6AS32Q41F1L

Fundamentos:

Primeiro.- Lexislación aplicable:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións: arts. 21 y ss.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia: arts. 3.1.c) e 19 e seguintes.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.
- Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso a información pública e bo goberno: artigo 1,7 e 8.1.c).
- Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.



- Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais: artigos 23 a 29.
- Bases de execución do orzamento da Deputación de Pontevedra

Segundo.- O réxime de concorrencia competitiva constitúe, fronte ao de concesión directa, o réxime ou procedemento ordinario de concesión de subvencións ao que alude o [artigo 22.1 da Lei 38/2003](#), Xeral de Subvencións, así como o 19 da Lei Galega de subvencións sinalando que ostenta tal consideración aquel procedemento iniciado de oficio mediante o que a concesión das subvencións se leva a cabo a través da comparación das solicitudes presentadas, a fin de establecer unha prelación entre as mesmas de acordo cos criterios de valoración previamente fixados nas bases reguladoras e na convocatoria e adxudicación, todo isto co límite fixado na convocatoria dentro do crédito dispoñible, aquelas que obtivesen maior valoración en aplicación dos citados criterios.

4. Iniciar o procedemento de adxudicación do presente contrato indicando que o prazo de presentación das ofertas, rematará ás 10:00 horas do día seguinte ó transcurso do seguinte prazo: 20 días a contar dende o día seguinte da publicación do anuncio de licitación no Perfil do Contratante.

41.37022.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN, MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO, DO CONTRATO DE OBRAS "MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA E.P. 6007 GOLETA-CERCIO-ESTRADA RODO-BRÁNTEGA, DENDE O P.Q. 2+550 AO P.Q. 2+800. CONCELLO DE LALÍN". (EXPTE. 2026016418)

Resultando.- Que de acordo coa Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases de réxime local a prestación de servizos de carácter supramunicipal e supracomarcal é unha das competencias propias das deputacións. A salvagarda do servizo público viario e a mellora da seguridade viaria é o eixo principal das competencias da Deputación de Pontevedra en materia de infraestruturas e mobilidade. O artigo 9.2 da Lei 8/2013, de 28 de xuño, de estradas de Galicia (en diante LEG) establece que a administración titular da estrada é responsable do servizo público viario. A rede provincial de estradas con aproximadamente 1.700 quilómetros de lonxitude total, atópase na estrutura viaria global por detrás das estradas de competencia estatal e da Xunta de Galicia.

Resultando.- Que a Corporación e a Xunta de Goberno provinciais, no marco do exercicio das súas competencias propias en relación coas infraestruturas e vías provinciais, coa planificación do territorio aprobaron varios instrumentos para a promoción dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable (ODS) e da Axenda 2030, tales como a Ordenanza de Seguridade Viaria, o Decálogo de Criterios de Actuacións nas Estradas Provinciais, o Plan Móvese, a Guía Básica de Espazos Públicos e Mobilidade Amable.

Resultando.- Que o servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, dentro dos seus obxectivos ten dar impulso a recuperación de espazos públicos, accesibilidade, mobilidade e seguridade viaria. Por este motivo, lévanse a cabo obras coa intención de aumentar a seguridade viaria en toda a rede de estradas provinciais, co fin de facer unha replanificación profunda e conceptual das actuacións en materia de mobilidade, con especial prioridade a protección dos colectivos con máis vulnerabilidade, peóns, ciclistas e persoas con mobilidade reducida.

Resultando.- Que a Deputación de Pontevedra é titular da estrada provincial E.P. 6007 Goleta – Cercio – Estrada Rodo - Brántega, que transcorre íntegramente polo Concello de Lalín, e ten unha lonxitude total de 3.940 metros. Está categorizada como rede local no catálogo de estradas provinciais. Nesta liña de traballo, a Deputación de Pontevedra decide promover o proxecto de “Mellora da mobilidade peonil na E.P. 6007 Goleta-Cercio-Estrada Rodo-Brántega, dende o P.Q. 2+550 ao P.Q. 2+800. Concello de Lalín”, no termo municipal de Lalín.

Resultando.- Que con data 30/10/2024 formalizouse entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Lalín o Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Lalín para a execución do proxecto “Mellora da mobilidade peonil na E.P. 6007 Goleta-Cercio-Estrada Rodo Brántega, dende o P.Q. 2+550 ao P.Q. 2+800”.



Resultando.- Que recolle o citado convenio que as obras serán financiadas pola Deputación de Pontevedra e o Concello de Lalín nas cantidades relacionadas de seguido:

Organismo	Achega	%
Deputación de Pontevedra	429.533,45 euros	70
Concello de Lalín	184.085,77 euros	30
TOTAL OBRAS	613.619,22 euros	100

Resultando.- Que recolle tamén o convenio que lle corresponde á Deputación a redacción do proxecto e a licitación dirección, execución e recepción das obras.

Resultando.- Que a tal fin redactouse polo enxeñeiro D. Sergio Danil Orosa López, adscrito á empresa Proyestegal, o proxecto de construción “Mellora da mobilidade peonil na E.P. 6007 Goleta-Cercio-Estrada Rodo-Brántega, dende o P.Q. 2+550 ao P.Q. 2+800. Concello de Lalín” cun orzamento base de licitación de 613.619,22 euros. A este proxecto asignóuselle o código CSV: 8E5FA66YGONCCBQT.

Resultando.- Que o Pleno da Corporación Provincial na súa sesión ordinaria do día 31/07/2025 acordou aprobar inicialmente o proxecto construtivo de “Mellora da mobilidade peonil na EP 6007 Goleta-Cercio-Estrada Rodo-Brántega, dende o pq. 2+550 ao pq. 2+800 (Concello de Lalín)”. Publicados os correspondentes anuncios no BOP e BOE non se presentaron durante o período de información pública reclamacións fronte ao proxecto aprobado inicialmente nin alegacións entendéndose definitivamente aprobado.

Resultando.- Que na súa consecuencia, mediante providencia da Deputada Delegada de Infraestruturas Públicas e Mobilidade que consta no expediente con CSV: 8BVXC2C7KMINNRNU, solicítase a tramitación do expediente de contratación para a adxudicación do contrato de obras “Mellora da mobilidade peonil na E.P. 6007 Goleta-Cercio-Estrada Rodo-Brántega, dende o P.Q. 2+550 ao P.Q. 2+800. Concello de Lalín”.

Resultando.- Que consta no expediente acta de replanteo previo e memoria xustificativa emitida polo xefe do Servizo de Contratación, no que manifesta en relación co procedemento a seguir para esta contratación, que o procedemento de adxudicación debe de ser o procedemento aberto simplificado recollido no artigo 159.1 da LCSP, en relación co 131.2 do mesmo texto legal.

Resultando.- Que consta no expediente con CSV: W6L87NMXGIL08HQ4, informe emitido polo Secretario Xeral da Deputación no que se recolle o seguinte: “...Estímase que os pregos reúnen o contido mínimo previsto nos arts. 122 da LCSP e 67 do RD 1098/2001. Durante a execución das obras debe de respectarse o sinalado na autorización sectorial de Patrimonio...”



Resultando.- Que consta no expediente con CSV: 3QYNXUKPSA097N47, informe de fiscalización, no que se recolle o seguinte: *“...Na cláusula 9.1 do apartado I. “Cláusulas particulares” do prego de cláusulas económico-administrativas particulares recóllense varios criterios avaliábeis mediante un xuízo de valor. A este respecto sinalar que, sempre e cando sexa posible, deben primar os criterios obxectivos e dar preponderancia a aqueles que fagan referencia a características do obxecto do contrato que se poidan valorar mediante cifras ou porcentaxes obtidos mediante a mera aplicación das fórmulas establecidas nos pregos, de acordo co recollido no artigo 146.2 da LCSP. Aínda que os citados criterios veñen ponderados no prego, no informe técnico de valoración das ofertas, deben recollese de forma clara as razóns nas que se fundamentan as puntuacións acadadas por cada licitador, sen que se poidan incluír aspectos que non figuren recollidos previamente no prego de cláusulas económico-administrativas particulares dentro de cada subcriterio. Polo exposto, infórmase favorablemente o expediente, debendo terse en conta o sinalado anteriormente...”*

Considerando.- Que o artigo 116.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público, (en diante LCSP), establece que: “A celebración dos contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade do contrato (...), e que deberá ser publicado no perfil de contratante”.

Considerando.- Todo o recollido nas normas do procedemento establecidas nas Seccións 1ª e 2ª, do Capítulo I, do Título I do Libro Segundo da LCSP.

Considerando.- Que o artigo 117.1 do mesmo texto legal recolle que “Completado o expediente de contratación, dítase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto(...). Esta resolución deberá ser obxecto de publicación no perfil do contratante.”

Considerando.- Que o artigo 122.1 da LCSP establece que: “Os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente con ela, e sempre antes da licitación do contrato...”

Considerando.- Que o artigo 131.2 da LCSP establece que: “A adxudicación realizarase, ordinariamente (...) utilizando o procedemento aberto...”

Considerando.- Que o artigo 159.1 do mesmo texto legal recolle que os órganos de contratación poderán acordar a utilización de un procedemento aberto simplificado nos contratos de obras cando o seu valor estimado sexa igual ou inferior a dous millóns de euros e que entre os criterios de adxudicación previstos no prego non haxa ningún evaluable mediante xuízo de valor, ou de habelos, a súa ponderación non supere o vinte cinco por cento do total.

Considerando.- Que a disposición adicional segunda da LCSP no seu apartado 1, faculta ó Presidente para actuar como órgano de contratación, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª. 2 a) onde figura que lle compete á Xunta de Goberno autorizar e comprometer os gastos precisos para contratación que sendo competencia da Presidencia, superen para o contrato de obras o importe de douscentos mil euros.



A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aprobar o expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto simplificado do contrato de obras “*Mellora da mobilidade peonil na E.P. 6007 Goleta-Cercio-Estrada Rodobrántega, dende o P.Q. 2+550 ao P.Q. 2+800. Concello de Lalín*” cun orzamento base de licitación de 613.619,22 euros IVE engadido, de acordo co seguinte detalle:

Importe.....	507.123,32 euros
IVE (21%).....	106.495,90 euros
Importe Total.....	613.619,22 euros

2. Aprobar o prego de cláusulas económico-administrativas particulares ó que se lle asignou un código (CSV): WKVZVSO5P2OQK5XA, e de prescricións técnicas con código (CSV) 8E5FA66YGONCCBQT, que rexerán neste procedemento.
3. Autorizar o gasto por importe de 613.619,22 euros, con cargo ás aplicacións orzamentarias 26/456.4530.612.02.2024 e 26/456.4530.612.02.2025 do vixente orzamento provincial.
4. Iniciar o procedemento de adxudicación do presente contrato indicando que o prazo de presentación das ofertas, rematará ás 10:00 horas do día seguinte ó transcurso do seguinte prazo: 20 días a contar dende o día seguinte da publicación do anuncio de licitación no Perfil do Contratante.

42.37023.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE REDONDELA, NO MARCO DO III PLAN EXTRAORDINARIO DE INFRAESTRUTURAS DEPORTIVAS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “MODERNIZACIÓN, REMODELACIÓN E MELLORA INSTALACIÓNS DEPORTIVAS PAVILLÓN MUNICIPAL REBOREDA” (EXPTE. 2025082361)

#### ANTECEDENTES

- O Pleno da Deputación Provincial na súa sesión extraordinaria do 30 de setembro de 2025, mediante o acordo número 5.8494, aprobou as bases reguladoras e a convocatoria do III Plan extraordinario de infraestruturas deportivas, publicadas no BOPPO núm. 189, de 3 de outubro de 2025.
- O financiamento deste plan ascende a oito millóns (8.000.000,00) de euros, financiados con fondos propios da Deputación con cargo ao orzamento provincial, imputable á aplicación orzamentaria 2026/942.3420.762.95.2026.
- As subvencións outórganse polo procedemento de concorrencia non competitiva entre todos os concellos da provincia de Pontevedra de ata cincuenta mil (50.000) habitantes, segundo a correspondente certificación expedida polo Instituto Galego de Estatística (IGE) referida á última actualización do censo (ano 2024).



- Mediante a Resolución Presidencial núm. 2025008123 de data 07/10/2025 aprobouse o repartimento do crédito que lle corresponde a cada concello e que se corresponde co importe máximo de subvención ao que pode optar cada entidade local. No caso do Concello de Redondela o importe que lle corresponde é de 257.200,53€.
- En data 23/12/2025, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no Rexistro da Deputación (núm. Rexistro WEB2025087003) dunha petición do Concello, na que solicita, con cargo á cantidade que lle corresponde no reparto, unha subvención por importe de 257.200,53€ ao abeiro do III PEID, con destino ao financiamento do investimento denominado “Modernización, remodelación e mellora instalacións deportivas pavillón municipal Reboreda”, cun orzamento total de 388.733,00 €, os restantes 131.572,47 euros serán financiados polo concello mediante unha aportación municipal. A presente subvención queda condicionada a presentación da autorización sectorial da AXI e de Augas de Galicia, así como a aprobación do proxecto, sendo imprescindible que as remita á Deputación xunto coa xustificación da axuda económica.
- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases reguladoras do III PEID.
- As actuacións contan co informe de supervisión favorable do técnico facultativo do Servizo de Cooperación de data 16/03/2026.
- Así mesmo, o 17/03/2026 o xefe do Servizo de Cooperación informa favorablemente a concesión da subvención e a Intervención provincial emite informe favorable con data 17/04/2026.

## FUNDAMENTOS DE DEREITO RÉXIME XURÍDICO

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP)
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRFL)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL)
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Pontevedra (OXSDPPO)
- Bases de execución do vixente orzamento provincial
- Bases reguladoras do III Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas (III PEID)



## CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

### INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 7ª do III PEID, que indica que lle corresponde o xefe do Servizo de Cooperación a instrución do procedemento de concesión. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe dos servizos técnicos provinciais, no caso de ser necesario, e da fiscalización de Intervención.

### PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Reguladora 7ª do III PEID, que indica que as propostas de resolución definitivas se elevarán ao órgano competente para a súa aprobación.

### RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 da LXS, que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 da LXS, polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivárase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 da RLXS, que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL, que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da OXSDPPO, que regulan o procedemento de concesión.
- Base 1ª das reguladoras do III PEID que definen o obxecto e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do III PEID que consignan o crédito orzamentario, o procedemento de concesión, así como os criterios obxectivos de repartimento.
- Bases 8ª e 10ª das reguladoras do III PEID que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.



## RÉXIME COMPETENCIAL

- En virtude do reparto de competencias recollido nos artigos 35 da LRBRL e 63 do ROFRXEL, e de acordo coas bases específicas de execución do vixente orzamento da Deputación, a competencia para resolver correspóndelle á Xunta de Goberno.

## CONCLUSIÓNS

A solicitude do Concello de Redondela relativa ao financiamento do investimento denominado “Modernización, remodelación e mellora instalacións deportivas pavillón municipal Reboreda” presentouse dentro do prazo recollido na convocatoria do III PEID, adáptase ás consideracións xurídicas expostas e xunta a documentación precisa para a válida concesión dunha subvención por importe de 257.200,53 €.

O obxecto do investimento adecúase dentro da tipoloxía das finalidades subvencionables reguladas na Base reguladora 1ª denominada “Obxecto”.

Á vista dos antecedentes, fundamentos de dereito e conclusións, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao Concello de Redondela, CIF P3604500C, a cantidade de 257.200,53€ con destino ao financiamento do investimento “Modernización, remodelación e mellora instalacións deportivas pavillón municipal Reboreda” ao abeiro do III Plan extraordinario de infraestruturas deportivas, cun orzamento de 388.733,00 €, os restantes 131.572,47 euros serán financiados polo concello mediante unha aportación municipal. A presente subvención queda condicionada a presentación da autorización sectorial da AXI e de Augas de Galicia, así como a aprobación do proxecto, sendo imprescindible que as remita á Deputación xunto coa xustificación da axuda económica. A execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do PEID III (BOPPO núm. 189, de 3/10/2025) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2026/942.3420.762.95.2025 do vixente orzamento provincial no que existe crédito suficiente para facer fronte ao gasto, e sobre o cal se procederá á fase de orde de pagamento polo órgano competente.
- Dar traslado do presente acordo ao Concello de Redondela, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete de Presidencia.

43.37024.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE MOS, NO MARCO DO III PLAN EXTRAORDINARIO DE INFRAESTRUTURAS DEPORTIVAS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “REFORMA DO CAMPO DE FÚTBOL DE SAN ANTONIÑO EN MOS, PONTEVEDRA” (EXPTE. 2026000528)

## ANTECEDENTES

- O Pleno da Deputación Provincial na súa sesión extraordinaria do 30 de setembro de 2025, mediante o acordo número 5.8494, aprobou as bases reguladoras e a convocatoria do III Plan extraordinario de infraestruturas deportivas, publicadas no BOPPO núm. 189, de 3 de outubro de 2025.



- O financiamento deste plan ascende a oito millóns (8.000.000,00) de euros, financiados con fondos propios da Deputación con cargo ao orzamento provincial, imputable á aplicación orzamentaria 2026/942.3420.762.95.2025.
- As subvencións outorgaranse polo procedemento de concorrencia non competitiva entre todos os concellos da provincia de Pontevedra de ata cincuenta mil (50.000) habitantes, segundo a correspondente certificación expedida polo Instituto Galego de Estatística (IGE) referida á última actualización do censo (ano 2024).
- Mediante a Resolución Presidencial núm. 2025008123 de data 07/10/2025 aprobouse o repartimento do crédito que lle corresponde a cada concello e que se corresponde co importe máximo de subvención ao que pode optar cada entidade local. No caso do Concello de MOS o importe que lle corresponde é de 170.275,48 €.
- En data 05/01/2026, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no Rexistro da Deputación (núm. Rexistro WEB2026000448 ) dunha petición do Concello, na que solicita, con cargo á cantidade que lle corresponde no reparto, unha subvención por importe de 170.275,48€ ao abeiro do III PEID, con destino ao financiamento do investimento denominado “Reforma do campo de fútbol de San Antoño en Mos, Pontevedra”, cun orzamento de 370.210,01€, dos cales 170.275,48€ son subvencionables e 199.934,53€ comprométese o concello a financiar con unha achega municipal.
- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases reguladoras do III PEID.
- As actuacións contan co informe de supervisión favorable do técnico facultativo do Servizo de Cooperación de data 09/04/2026.
- Así mesmo, o 24/04/2026 o xefe do Servizo de Cooperación informa favorablemente a concesión da subvención e a Intervención provincial emite informe favorable con data 24/04/2026.

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

### RÉXIME XURÍDICO

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP)
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRFL)



- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL)
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Pontevedra (OXSDPPO)
- Bases de execución do vixente orzamento provincial
- Bases reguladoras do III Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas (III PEID)

## CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

### INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 7ª do III PEID, que indica que lle corresponde o xefe do Servizo de Cooperación a instrución do procedemento de concesión. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe dos servizos técnicos provinciais, no caso de ser necesario, e da fiscalización de Intervención.

### PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Reguladora 7ª do III PEID, que indica que as propostas de resolución definitivas se elevarán ao órgano competente para a súa aprobación.

### RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 da LXS, que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 da LXS, polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivárase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 da RLXS, que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL, que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da OXSDPPO, que regulan o procedemento de concesión.
- Base 1ª das reguladoras do III PEID que definen o obxecto e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.



- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do III PEID que consignan o crédito orzamentario, o procedemento de concesión, así como os criterios obxectivos de repartimento.
- Bases 8ª e 10ª das reguladoras do III PEID que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

### RÉXIME COMPETENCIAL

- En virtude do reparto de competencias recollido nos artigos 35 da LRBRL e 63 do ROFRXEL, e de acordo coas bases específicas de execución do vixente orzamento da Deputación, a competencia para resolver correspóndelle á Xunta de Goberno.

### CONCLUSIÓNS

A solicitude do Concello de Mos relativa ao financiamento do investimento denominado “Reforma do campo de fútbol de San Antoiño en Mos, Pontevedra” presentouse dentro do prazo recollido na convocatoria do III PEID, adáptase ás consideracións xurídicas expostas e xunta a documentación precisa para a válida concesión dunha subvención por importe de 170.275,48€.

O obxecto do investimento adecúase dentro da tipoloxía das finalidades subvencionables reguladas na Base reguladora 1ª denominada “Obxecto”.

Á vista dos antecedentes, fundamentos de dereito e conclusións, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao Concello de Mos, CIF P3603300I a cantidade de 170.275,48€ con destino ao financiamento do investimento “Reforma do campo de fútbol de San Antoiño en Mos, Pontevedra” ao abeiro do III Plan extraordinario de infraestruturas deportivas, cun orzamento de 370.210,01€, dos cales 170.275,48€ son subvencionables e 199.934,53€ comprométese o concello a financiar con unha achega municipal.

A execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do PEID III (BOPPO núm. 189, de 3/10/2025) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2026/942.3420.762.95.2025 do vixente orzamento provincial no que existe crédito suficiente para facer fronte ao gasto, e sobre o cal se procederá á fase de orde de pagamento polo órgano competente.
- Dar traslado do presente acordo ao Concello de Mos, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete de Presidencia.



44.37025.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE MARÍN, NO MARCO DA LIÑA 2 DO PLAN +PROVINCIA 2026-2027, CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DE “FESTAS DO CONCELLO 2026” (EXPTE. 2026008168)

#### ANTECEDENTES:

- O Pleno da Deputación, na súa sesión ordinaria do 26 de decembro de 2025, mediante acordo núm.4.8555, acordou a aprobación das bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2026-2027, en adiante Plan +Provincia 2026-2027, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 1 do 2 de xaneiro de 2026.
- Mediante Resolución Presidencial núm. 2026000127 de data 14/01/2026 aprobáronse as cantidades totais asignadas a cada concello e as que lle correspondían por cada liña.
- En data 16/02/2026, con rexistro núm. WEB2026009823 (documentación subsanada en datas posteriores), dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no rexistro da Deputación, ao abeiro da liña 2 do Plan +Provincia 2026-2027, petición do Concello de Marín na que solicita unha subvención por importe de 95.384,74 euros con destino ao financiamento de “Festas do concello 2026” (Expte.2026008168), cun orzamento por importe de 95.590,00 euros.
- Xunto coa solicitude de subvención a entidade municipal remite proposta orientativa coas actuacións que pretende levar a cabo ao longo do ano 2026 e son as seguintes:

	Orzamento	Subvención solicitada
Festa Corsaria 2026	68.970,00 €	68.821,90 €
Samaín Briz 2026	26.620,00 €	26.562,84 €
TOTAL	95.590,00 €	95.384,74 €

#### FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

##### I.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.



- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

## II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

### Instrución do expediente

- Base 15ª do Plan +Provincia 2026-2027 relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes.

### Petición e evacuación de informes

- Artigos 79 e 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e emisión de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.

### Resolución do expediente

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 14 e seguintes da Ordenanza xeral da Deputación de Pontevedra que regulan o procedemento de concesión.
- Base 15ª das reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027, que sinala que unha vez efectuado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación, segundo a natureza do gasto, e da fiscalización da intervención.

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, e vistos os informes do xefe do Servizo de Cooperación, de data 10/03/2026, que conclúe favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 01/04/2026, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao Concello de Marín, CIF:P3602600C, a cantidade de 95.384,74 euros, con destino ao financiamento de “Festas do Concello 2026” (Expte.:2026008168), cun orzamento por importe de 95.590,00 euros.



- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2026/942.9425.462.00 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ó gasto.
- A xustificación desta actuación realizarase conforme ó previsto nas bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2026-2027, aprobadas por acordo núm.4.8555 do Pleno da Deputación de Pontevedra de data 26 de decembro de 2025 e publicadas no BOPPO núm. 1 de 2 de xaneiro de 2026 (dispoñibles tamén na sede electrónica <https://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións. A base cuadraxésima das citadas bases establece que o Concello terá de prazo para xustificar a axuda concedida ata o 31 de marzo de 2027. O incumprimento desta obriga determinará a revogación da subvención e, no seu caso, o réintegro das cantidades percibidas de acordo co disposto no artigo 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Darlle traslado do presente acordo ao Concello de Marín, á Intervención, ao servizo de Cooperación e ao gabinete da Presidencia.

45.37026.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE A GUARDA, NO MARCO DA LIÑA 2 DO PLAN +PROVINCIA 2026-2027, CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DE “ACTIVIDADES SOCIOCULTURAIS 2026” (EXPTE. 2026022235)

#### ANTECEDENTES:

- O Pleno da Deputación, na súa sesión ordinaria do 26 de decembro de 2025, mediante acordo núm.4.8555, acordou a aprobación das bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2026-2027, en adiante Plan +Provincia 2026-2027, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 1 do 2 de xaneiro de 2026.
- Mediante Resolución Presidencial núm. 2026000127 de data 14/01/2026 aprobáronse as cantidades totais asignadas a cada concello e as que lle correspondían por cada liña.
- En data 24/03/2026, con rexistro núm. WEB2026022775, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no rexistro da Deputación, ao abeiro da liña 2 do Plan +Provincia 2026-2027, petición do Concello de A Guarda na que solicita unha subvención por importe de 76.812,16 euros con destino ao financiamento de “*Actividades socioculturais 2026*” (Expte.:2026022235), cun orzamento polo mesmo importe.
- Xunto coa solicitude de subvención a entidade municipal remite proposta orientativa coas actuacións que pretende levar a cabo ao longo do ano 2026 e son as seguintes:



	Orzamento	Subvención solicitada
Festa miudiña	18.361,00 €	18.361,00 €
Ciclo Tocamúsica	15.762,00 €	15.762,00 €
Axenda dinamización sociocomunitaria Omix	1.665,74 €	1.665,74 €
Programación artes escénicas	12.000,00 €	12.000,00 €
Samaiín	3.630,00 €	3.630,00 €
Programación cine	2.420,00 €	2.420,00 €
Axenda do verán 2026	1.998,92 €	1.998,92 €
Ciclo música clásica	5.974,50 €	5.974,50 €
Festa da langosta e da cociña mariñeira	15.000,00 €	15.000,00 €
TOTAL	76.812,16 €	76.812,16 €

## FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

### I.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL)
- Bases de execución do vixente orzamento provincial
- Bases reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación

### II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

#### Instrución do expediente

- Base 15ª do Plan +Provincia 2026-2027 relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes.

#### Petición e evacuación de informes

- Artigos 79 e 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e emisión de informes.



- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.

#### Resolución do expediente

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 14 e seguintes da Ordenanza xeral da Deputación de Pontevedra que regulan o procedemento de concesión.
- Base 15ª das reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027, que sinala que unha vez efectuado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación, segundo a natureza do gasto, e da fiscalización da intervención.

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, e vistos os informes do xefe do Servizo de Cooperación, de data 25/03/2026, que conclúe favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 24/04/2026, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao Concello de A Guarda, CIF:P3602300J, a cantidade de 76.812,16 euros, con destino ao financiamento de “Actividades socioculturais 2026” (Expte.2026022235), cun orzamento polo mesmo importe.
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2026/942.9425.462.00 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ó gasto.
- A xustificación desta actuación realizarase conforme ó previsto nas bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2026-2027, aprobadas por acordo núm.4.8555 do Pleno da Deputación de Pontevedra de data 26 de decembro de 2025 e publicadas no BOPPO núm. 1 de 2 de xaneiro de 2026 (dispoñibles tamén na sede electrónica <https://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións. A base cuadraxésima das citadas bases establece que o Concello terá de prazo para xustificar a axuda concedida ata o 31 de marzo de 2027. O incumprimento desta obriga determinará a revogación da subvención e, no seu caso, o reintegro das cantidades percibidas de acordo co disposto no artigo 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Darlle traslado do presente acordo ao Concello de A Guarda, á Intervención, ao servizo de Cooperación e ao gabinete da Presidencia.



46.37027.- COMUNICACIÓNS  
Non houbo.

47.37028.- FÓRA DA ORDE DO DÍA  
Non houbo.

48.37029.- ROGOS E PREGUNTAS  
Non se formularon.

E non habendo máis asuntos que tratar polo Sr. Presidente, sendo as dez horas e corenta e tres minutos do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente acta, que asina o Ilmo. Sr. Presidente, comigo, a Vicesecretaria que dou fe.

